

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 21 DE FEBREIRO DE 2013.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E CINCUENTA E CINCO MINUTOS** do xoves día **VINTEUN DE FEBREIRO DE DOUS MIL TRECE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria (convocada pola Alcaldesa o 20 de febreiro de 2013), coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e **D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ALVAREZ** e **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** e do Secretario acctal (Decreto 14.02.13) da Corporación **DON DAVID GARCIA LAREO**, que suscribe e da fe.

Interventora do Concello: Non asiste.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**
 - Acta da sesión ordinaria-urxente de 24 de xaneiro de 2013
 - Acta da sesión extraordinaria de 01 de febreiro de 2013
 - Acta da sesión ordinaria de 14 de febreiro de 2013
- 2.- EXPEDIENTES DE ALTA NO SAF NOS PROGRAMAS DE DEPENDENCIA**
 - MANUELA GONZÁLEZ NEGREIROS
 - JOSÉ GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
- 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOB O POZO DE PURÍN NO LUGAR DE VIS, PARROQUIA DE RELAS.**
- 4.- URBANISMO**
 - JUSTA DIVINA FERNÁNDEZ RÍOS
- 5.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE A BANDEIRA.**

- 1º.- APROBACIÓN DE ACTAS ANTERIORES:**
 - Acta da sesión ordinaria-urxente de 24 de xaneiro de 2013
 - Acta da sesión extraordinaria de 01 de febreiro de 2013
 - Acta da sesión ordinaria de 14 de febreiro de 2013

Preséntanse para aprobación estas actas:

- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria-urxente de 24 de xaneiro de 2013.



- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 01 de febreiro de 2013
- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 14 de febreiro de 2013

1.- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria-urxente de 24 de xaneiro de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **votan en contra a aprobación desta acta** por falta de rigor na súa redacción, manifestando a Alcaldesa que a acta recolle os aspectos que á Secretaría lle interesa recoller, sin atender ó dito polos concelleiros.

Polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, indicase que informe unha vez levantada a sesión e que só reparte a acta ós portavoces municipais.

2.- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 01 de febreiro de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda prestar aprobación a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria de 01 de febreiro de 2013.**


3.- Acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 14 de febreiro de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda prestar aprobación a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria de 14 de febreiro de 2013.**

2º.- EXPEDIENTES DE ALTA NO SAF NOS PROGRAMAS DE DEPENDENCIA

2.1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Manuela González Negreiros.

Dase conta do informe social elaborado por María del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 18 de febreiro de 2013, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:



Nome a Apelido**Enderezo****Manuela González Negreiros****Senra, nº 3 - Escuadro - Silleda**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de Manuel González Negreiros nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 18 de febreiro de 2013.

2.2.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por José González Fernández.

Dase conta do informe social elaborado por María del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 15 de febreiro de 2013, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido**Enderezo****José González Fernández****R/ progreso, 60 - Silleda**

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de José González Fernández nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 15 de febreiro de 2013.

3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBOR O POZO DE PURÍN NO LUGAR DE VIS, PARROQUIA DE RELAS.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a proposta da Alcaldesa a Xunta de Goberno Local, de data 19 de febreiro de 2013, sobor as alegacións presentadas por Manuel Rey Sánchez contra a proposta de resolución do expediente de reposición da legalidade, relativo á construción dun depósito de purín no lugar de Vis, parroquia de Relas (Silleda), que se transcribe:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBOR O POZO DE PURÍN DO LUGAR DE VIS RELAS



ANTECEDENTES.-Con data 3 de agosto de 2012, a xunta de goberno local adoptou , entre outros .o seguinte acordo: *Vistos os informes xurídicos e técnicos emitidos a requerimento da alcaldía, segundo os cales a obra executada no lugar de Vis, parroquia de Rellas, por D. Manuel Rey Sánchez, sen a a oportuna licenza ou orde de execución, non pode ser legalizada por non cumprir os retranqueos establecidos no PXOM, A Xunta de goberno local adopta o seguinte acordo:*

PRIMEIRO: *Incoar expediente de reposición da legalidade en relación coas obras que se realizaron no lugar de Vis, parroquia de Rellas, por D. Manuel Rey Sánchez sen a oportuna licenza ou orde de execución ,consistentes na construción de unha fosa de purín.*

SEGUNDO- *Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, procedería decretar a súa demolición , para o que é necesario a obtención da oportuna licenza municipal, requirindo a tal efecto a D. Manuel Rey Sánchez para que presente o oportuno proxecto de demolición.*

TERCEIRO- *Notificar este acordó aos interesados, D. Manuel Rey Sánchez e D. Julio Abel Fernández Sánchez, concedéndolles un prazo de 15 días para formular alegacions e presentar cantos documentos e probas estimen pertinentes.*


SEGUNDO: *Con data 5 de setembro de 2012, foille notificada dita resolución a don Manuel Rey Sánchez e máis a don Julio Abel Fernández Fernández.*

TERCEIRO.- *Don Julio Abel Fernández Fernández non formulou alegacions no prazo concedido.*

Don Manuel Rey Sánchez presentou con data 21 de setembro de 2012 (rex. entrada 5001) escrito de alegacions ao que acompaña fotocopia dos seguintes documentos: testamento, certificado de defunción, certificado de actos de última vontade , e liquidación do imposto de sucesions de don Antonio Rey Colmeiro (pai do alegante); compra de dereitos hereditarios entre don Manuel Rey Sánchez (adquirente) e don José Rey Sánchez, (vendedor) ; título de concentración parcelaria a nome de don Antonio Rey Colmeiro correspondente a finca NO 684 do plano de concentración parcelaria de Escuadro- Rellas, e informe pericial elaborado por don Guillermo Atán Jurjo.

Neste escrito de alegacions, manifesta

- A) Que existen varias sentenzas sobor a fosa de purín. Que ningunha destas sentenzas entrou no fondo do asunto, que sólo condean ao concello de Silleda a incoar un expediente de reposición da legalidade.*
- B) Que a fosa de purín está dentro da propiedade do sr. Rey Sánchez, segundo acreditan con informe pericial de o enxeneiro técnico agrícola don Guillermo Atán Jurjo . Que varios veciños do lugar de Vis testificaron nos procedementos xudiciais que o depósito está en liña coa edificación e fora do camiño*
- C) Que este depósito construeuse no ano 1976. Que no ano 1996 só se executou*



o teito do depósito. Que a antigüidade do depósito é moi anterior a o ano 1998, segundo acredita o informe do perito sr. Atán Jurjo.

E conclúe dicendo:

- *Que a infracción prescribue.*
- *Que o acordo da xunta de goberno local é nulo de pleno dereito porque aplicase a LOUGAe non o da ley 1/1997 do solo de Galicia.*
- *Que o acordo da xunta de goberno local é nulo de pleno dereito porque é competente a alcaldesa para a adopción do mesmo.*
SOLICITA que se estimen as alegacions e que se acorde o arquivo deste expediente.

CUARTO: *Que a requerimento de esta alcaldía emiteuse informe xurídico pola asesora externa deste concello, no que conclúe:*

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN: *As alegacions presentadas deben ser destimadas polo seguinte:*

1º- A lexislación que resulta de aplicación ven fixada na sentenza que se está a executar, na que se di, que é de aplicación ao caso o artigo 209 e seguintes da LOUGA; lexislación que a sentenza do TSX tamén considera de aplicación (fundamento xurídico 1 e 8).

2º- Non pode aceptarse a existencia de prescripción da infracción xa que a propia sentenza non acolle esta excepción aludindo á falta de probas, e apuntando que ben podería tratarse dunha actividade de carácter continuado "cuyo plazo de prescripción comenzaría a la finalización de dicha actividad". No informe pericial adxuntado dise "trátase dun depósito para a recollida de purins das cuerdas da súa propiedade,


sito no lugar de Vis, do Concello de Silleda" o que é ven a acreditar que se trata dunha actividade continuada.

Asemade a prescripción debe ser probada pola parte que a alega ,o cal, evidentemente, non sucedeu no presente suposto.

3º- Non existe nulidade de pleno dereito xa que a normativa de aplicación, ven fixada na propia sentenza, sendo de aplicación a LOUGA.

4º- Non existe incompetencia da xunta de goberno local, xa que a sra. Alcaldesa - presidenta deste concello de Silleda delegou as competencias de urbanismo que ope legis ten atribuídas, na xunta de goberno local, en data 4 de xullo de 2011, dando conta ao pleno desta delegación de competencias o día 8 de xullo de 2011.

QUINTO: *Don Julio Abel Fernández Fernández en data 5 de novembro presentou escrito no que solicita se lle teña por parte neste procedemento e se lle de traslado*



de cantas actuacións se leven a cabo no presente procedemento.

SEXTO: *a xunta de goberno local en sesión ordinaria celebrada o día 13 de decembro de 2012, aprobou entre outros o seguinte acordo:*

PRIMEIRO : *Desestimar as alegacions formuladas por don Manuel Rey Sánchez, polos seguintes motivos:*

1º- A lexislación que resulta de aplicación ven fixada na sentenza que se está a executar, na que se di, que é de aplicación ao caso o artigo 209 e seguintes da LOUGA; lexislación que a sentenza do TSX tamén considera de aplicación (fundamento xurídico 1 e 8).

2º- Non pode aceptarse a existencia de prescripción da infracción xa que a propia sentenza non acolle esta excepción aludindo á falta de probas, e apuntando que ben podería tratarse dunha actividade de carácter continuado "cuyo plazo de prescripción comenzaría a la finalización de dicha actividad". No informe pericial adxuntado dise "trátase dun depósito para a recollida de purins das cuadras da súa propiedade,

sito no lugar de Vis, do Concello de Silleda" o que ven a acreditar que se trata dunha actividade continuada.

Asemade a prescripción debe ser probada pola parte que a alega, o cal, evidentemente, non sucedeu no presente suposto.

3º- Non existe nulidade de pleno dereito xa que a normativa de aplicación, ven fixada na propia sentenza, sendo de aplicación a LOUGA.

4º- Non existe incompetencia da xunta de goberno local, xa que a sra. Alcaldesa -presidente deste concello de Silleda delegou as competencias de urbanismo que ope legis ten atribuídas, na xunta de goberno local, en data 4 de xullo de 2011, dando conta ao pleno desta delegación de competencias o día 8 de xullo de 2011.

SEGUNDO: *Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición, para o que é necesario a obtención da oportuna licenza municipal requirindo a tal efecto a don Manuel Rey Sánchez para que presente o oportuno proxecto de demolición no prazo de un mes, advertíndoo que de non presentalo no prazo fixado, procederáse á demolición da fosa de purín a súa costa.*

TERCEIRO: *Notificar este acordo a don Manuel Rey Sánchez e don Julio Abel Fernández Fernández, reiterando que o expediente pode ser consultado nas oficinas de urbanismo deste concello, e concedéndolles un prazo de dez días para formular alegacions a esta proposta de resolución de conformidade co disposto no artigo*





209.3 da LOUGA .

CUARTO: Dita resolución foi notificada a don Manuel Rey Sánchez con data 27 de Decembro de 2012, presentando alegacions, data rexistro entrada no concello 10 de xaneiro de 2013 , N° rexistro 108, nas que se alega:

1º- Non procede conceder un novo trámite de alegacions senón que o que ten que facer o concello é adoptar algunha das resolucións previstas no artigo 209.3 LOUGA. Interesa a anulabilidade do acto.

2º- Sostén que a normativa aplicable é a lei 1/1997 (lei do solo de Galicia) e non a LOUGA

3º- Alega irretroactividade na aplicación da potestade sancionadora

4º- Alega prescripción da infracción cometida . Sostén que o depósito xa existía no ano 1976 e que o feito se fixo no ano 1996. Que o veciño denunciante di que a obra litixiosa é do ano 1997. Que se tardou máis de cinco anos en incoar expediente de reposición da legalidade. Que o que di a sentenza é que se ten que facer un informe do técnico municipal con posterioridad aos escritos do recurrente. Que estos feitos van ser postos en coñecemento do ministerio fiscal porque o que ten que facer a administración é incoar expediente de reposición da legalidade e un informe técnico municipal posterior a data dos escritos dirixidos pola recurrente e non interpretar a sentenza.

5º- Que o obxecto do expediente administrativo é a obra executada no lugar de Vis, parroquia de Rellas sen a oportuna licencia, por don Manuel Rey Sánchez

QUINTO: Con data 1 de febreiro dictase providencia pola sra. Alcaldesa pola que se acorda dar traslado de estas alegacions a asesora xurídica externa para que emita informe xurídico- proposta de resolución de estas alegacions.

SEXTO: Con data 14 de febreiro de 2013 emítese informe xurídico no que se conclúe:

"As alegacions non poden prosperar xa que:

1º- O feito de conceder un trámite de audiencia a maiores do preceptuado legalmente, non pode ser causa de anulabilidade , xa que se lle está a conceder maiores garantías ao administrado que as que lle corresponden, polo que ningún dano ou perxuício se /le ocasiona a quen alega a existencia deste defecto procedimental. Se se estima a anulabilidade habería que retrotraer as actuacións ao momento de cometida a infracción (dar un novo trámite de alegacions) , e dictar a resolución definitiva que procedese, sendo máis oportuno por economía procesal continuar a tramitación deste procedemento, dictando tras o examen destas novas alegacions, resolución expresa.

2º- Confunde o recurrente a normativa aplicable ao procedemento de reposición da

legalidade, que indcutiblemente é a LOUGA que este procedemento incoouse por acordo da xunta de goberno local de data 3 de agosto de 2012, coa normativa de aplicación a prescripción da infracción administrativa, que sostén, o recurrente ,é a lei do solo 1/1997.

3º- É doutrina do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, en exégesis da disposición transitoria décima da LOUGA que establece que os procedementos sancionadores e de reposición da legalidade por infraccións urbanísticas cometidas con anterioridade a súa entrada en vigor, rexiránse pola lexislación vixente no momento da súa comisión, que para a apreciación da prescripción polo transcurso do prazo de catro anos que viña recollido na lei 1/1997 do chan de Galicia é necesario que o mesmo houbera transcurrido antes da entrada en vigor da LOUGA.

O propio alegante, tras recoñecer que o teito do depósito se colocou no ano 1996, refírese a que o propio denunciante data a obra no ano 1997. Non existe proba algunha sobor a data de remate total das obras. É incuestionable que o prazo de prescripción empeza a computarse dende o remate total da obra tanto na LOUGA, coma na lei do solo de 1997, e mesmo na lei do solo do 1976.

Xa no ano 2000 don Julio Abel Fernández Fernández denuncia ante o concello a ilegalidade desta obra (feito declarado probado en varias sentenzas) realizando o concello os actos administrativos que se consignan nos antecedentes, que dende logo interrompen o prazo de prescripción da infracción, polo que é evidente que non transcorreu o prazo de catro anos fixado na lei do solo de Galicia do ano 1997 como de prescripción, cando entrou en vigor a LOUGA.


Confunde, na súa interesada defensa da existencia de prescripción, a caducidade dun expediente de reposición da legalidade urbanística , coa prescripción da acción que faculta a administración para iniciar a tramitación dun novo expediente de reposición da legalidade.

A prescripción debe ser probada por quen a alega non existindo neste expediente administrativo proba algunha testifical, confundindo o alegante as probas que di se practicaron en xuício, co contido do expediente administrativo no que non aportou declaración xurada destes veciños, ni testemuña da acta do xuício onde conste esta testifical.

Obra no expediente administrativo o informe do técnico municipal don Lino do Porto Framil de data 23 de xullo de 2012, no que manifesta: "procede adoptar as medidas de protección da legalidade urbanística. Por outra banda, as actuacións realizadas seguen sen ser compatibles co planeamento urbanístico"

A pretensión de que o técnico municipal determine a antigüidade da obra, é innecesaria amén de imposible por cingirse a discusión da antigüidade da obra a meses: o propio alegante di que a obra se rematou no ano 1996, e o denunciante sostén que a obra se rematou no ano 1997, mentres o informe pericial que aportan din que é anterior ao ano 1998.

A alegación de prescripción si se fixo no procedemento xudicial, non conseguindo probar a existencia da mesma o sr. Rey Sánchez. Así na propia sentenza




de 9 de xuño de 2011, dictada polo xulgado do contencioso administrativo Nº 1 de Pontevedra dise: fundamentación xurídica: "Primero. - El presente recurso contencioso- administrativo se interpone contra la desestimación presunta por silencio administrativo, de la reclamación efectuada por el recurrente al concello de Si/leda en fechas 10-07-2008, 4-5-2009 y 16-6-2009 interesandose se incoe expediente de reposición de la legalidad urbanística derivado de los hechos allí expuestos así como se ordenase la inmediata clausura de la fosa de purines construída por el codemandado.

La parte demandada se opone a la demanda alegando la existencia de prescripción respecto de las denuncias e infracciones formuladas.

Segundo: Por lo que se refiere al fondo del asunto, la cuestión a dilucidar es si procede o no la incoación y tramitación de expediente de reposición de la legalidad urbanística y la adopción de la medida de clausura de la fosa de purines construída objeto del presente recurso.

El art. 209 de la LOUGA encuadrado dentro de la sección destinada a la protección de la legalidad urbanística , se refiere a las obras realizadas sin licencia en curso de ejecución y establece que (. ..)

tercero: Así pues, de las pruebas practicadas en el procedimiento en concreto por la documental aportada, consta en autos que en fecha 28-09-2000 el recurrente presenta escrito ante el concello de Silleda interesando se proceda a la revisión de la construcción por el codemandado de un pozo séptico para determinar si cumple o no con las normas urbanísticas del concello y en caso contrario se proceda ordenar su destrucción (. ..) Así ,pues, teniendo en cuenta el informe del técnico municipal, así como del resto de la prueba documental mencionada en la que se alude y describe una infracción urbanística cometida e igualmente teniendo en cuenta que con respecto a los escritos presentados por el recurrente en las fechas a que hace referencia el presente recurso, denunciando la realización de una actividad ilegal y sin cumplir la normativa de actividades clasificadas, sin que conste en el expediente administrativo informe alguno del técnico municipal ni actuación alguna encaminada a acreditar tales extremos, y de la legislación aplicable al presente caso y mencionada anteriormente, la realización y emisión de un informe municipal con posterioridad a la fecha de los escritos dirigidos por la recurrente en las fechas que constan en el presente recurso a la administración demandada a fin de averiguar la realidad o no de las supuestas infracciones urbanísticas mencionadas, extremos que no resultan desvirtuados por las alegaciones de la parte codemandada en su escrito de contestación a la demanda respecto a la existencia de prescripción de la infracción con relación a la construcción del depósito de purines, aportando al efecto informe pericial, puesto que no consta informe del técnico municipal en el que se promuncie sobre tal extremo ni tampoco sobre la realización de una actividad de carácter continuado, cuyo plazo de prescripción comenzaría la fecha de finalización de tal actividad (. ..)



Esta sentenza foi ratificada pola sección 2º do TSX en data 2 de febreiro de 2012, sentenza na que se pode ler:

"Fundamentos jurídicos 1- Se aceptan los extremos fácticos y razonamientos jurídicos contenidos en el fallo jurisdiccional "a quo" recaído y que cabe confirmar ahora " ad quem ...8 pese al inequívoco tenor imperativo- normativo antes referenciado de aquellos arts 209 y 210 de dicha ley 9/02"

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN : *As alegacions presentadas deben ser destimadas polo seguinte:*

1º- O feito de conceder un trámite de audiencia a maiores do preceptuado legalmente, non pode ser causa de anulabilidade, xa que se l/e está a conceder maiores garantías ao administrado que as que lle corresponden, polo que ningún dano ou perxuício se lle ocasiona a quen alega a existencia deste defecto procedimental. Si se estima a anulabilidade habería que retrotraer as actuacións ao momento de cometida a infracción (dar un novo trámite de alegacións), e dictar a resolución definitiva que procedese, sendo máis oportuno por economía procesal continuar a tramitación deste procedemento, dictando tras o examen destas novas alegacións, resolución expresa.

2º- Confunde o recurrente a normativa aplicable ao procedemento de reposición da legalidade, que indiscutiblemente é a LOUGA xa que este procedemento incoouse por acordo da xunta de goberno local de data 3 de agosto de 2012, coa normativa de aplicación a prescripción da infracción administrativa, que sostén, o recurrente, é a lei do solo 1/1997.

3º- É doutrina do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia , en exégesis da disposición transitoria décima da LOUGA que establece que os procedementos sancionadores e de reposición da legalidade por infraccións urbanísticas cometidas con anterioridade a súa entrada en vigor, rexíranse pola lexislación vixente no momento da súa comisión , que para a apreciación da prescripción polo transcurso do prazo de catro anos que viña recollido na lei 1/1997 do chan de Galicia é necesario que O mesmo houbera transcurrido antes da entrada en vigor da LOUGA.

O propio alegante, tras recoñecer que o teito do depósito se colocou no ano 1996, refírese a que o propio denunciante data a obra no ano 1997, e no informe que presentan di que se fixo antes de 1998. É incuestionable que o prazo de prescripción empeza a computarse dende o remate total da obra tanto na LOUGA, coma na lei do solo de 1997, e mesmo na lei do solo do 1976.

Xa no ano 2000 don Julio Abel Fernández Fernández denuncia ante o concello a ilegalidade desta obra (feito declarado probado en varias sentenzas) , realizando o concello os actos administrativos que se consignan nos antecedentes, que dende logo interrompen o prazo de prescripción da infracción, polo que é evidente que non



transcorreu o prazo de catro anos fixado na lei do solo de Galicia do ano 1997 como de prescripción, cando entrou en vigor a LOUGA.

Confunde, na súa interesada defensa da existencia de prescripción, a caducidade dun expediente de reposición da legalidade urbanística, coa prescripción da acción que faculta a administración para iniciar a tramitación dun novo expediente de reposición da legalidade.

A prescripción debe ser probada por quen a alega non existindo neste expediente administrativo proba algunha testifical, confundindo o alegante as probas que di se practicaron en xuício, co contido do expediente administrativo no que non aportou declaración xurada destes veciños, ni testemuña da acta do xuício onde conste esta testifical.

Obra no expediente administrativo o informe do técnico municipal don Lino do Porto Framil de data 23 de xullo de 2012, no que manifesta: "procede adoptar as medidas de protección da legalidade urbanística. Por outra banda, as actuacións realizadas seguen sen ser compatibles co planeamento urbanístico"

A pretensión de que o técnico municipal determine a antigüidade da obra, é innecesaria amén de imposible por cingirse a discusión da antigüidade da obra a meses: o propio alegante di que a obra se rematou no ano 1996, e o denunciante sostén que a obra se rematou no ano 1997.

No apropiada sentenza que se está a executar, NON SE TEN POR PROBADA A PRESCRIPCIÓN QUE ALEGOU o sr. Rey Sanchez."

SÉPTIMO: *Visto o contido das alegacións efectuadas por don Manuel Rey Sánchez e o informe xurídico emitido pola asesora xurídica externa, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:*

PRIMEIRO: *Rexeitar as alegacións presentadas polos seguintes motivos:*

1º- O feito de conceder un trámite de audiencia a maiores do preceptuado legalmente, non pode ser causa de anulabilidade, xa que se lle está a conceder maiores garantías ao administrado que as que lle corresponden, polo que ningún dano ou perxuício se lle ocasiona a quen alega a existencia deste defecto procedimental. Si se estima a anulabilidade habería que retrotraer as actuacións ao momento de cometida a infracción (dar un novo trámite de alegacións), e dictar a resolución definitiva que procedese, sendo máis oportuno por economía procesal continuar a tramitación deste procedemento, dictando tras o examen destas novas alegacións, resolución expresa.

2º- Confunde o recurrente a normativa aplicable ao procedemento de reposición da legalidade, que indubitamente é a LOUGA xa que este procedemento incoouse por acordo da xunta de goberno local de data 3 de agosto de 2012, coa normativa de aplicación a prescripción da infracción administrativa, que sostén, o recurrente, é a lei do solo 1/1997.



3º- É doutrina do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, en exégesis da disposición transitoria décima da LOUGA que establece que os procedementos sancionadores e de reposición da legalidade por infraccións urbanísticas cometidas con anterioridade a súa entrada en vigor, rexiránse poia lexislación vixente no momento da súa comisión, que para a apreciación da prescripción polo transcurso do prazo de catro anos que viña recollido na lei 1/1997 do chan de Galicia é necesario que o mesmo houbera transcurrido antes da entrada en vigor da LOUGA.

O propio alegante, tras recoñecer que o teito do depósito se colocou no ano 1996, refírese aque o propio denunciante data a obra no ano 1997, e no informe que presentan di que se fixo antes de 1998. É incuestionable que o prazo de prescripción empeza a computarse dende o remate total da obra tanto na LOUGA, coma na lei do solo de 1997, e mesmo na lei do solo do 1976.

Xa no ano 2000 don Julio Abel Fernández Fernández denuncia ante o concello a ilegalidade desta obra (feito declarado probado en varias sentenzas) realizando o concello os actos administrativos que se consignan nos antecedentes, que dende logo interrompen o prazo de prescripción da infracción, polo que é evidente que non transcorreu o prazo de catro anos fixado na lei do solo de Galicia do ano 1997 como de prescripción, cando entrou en vigor a LOUGA.

Confunde, na súa interesada defensa da existencia de prescripción, a caducidade dun expediente de reposición da legalidade urbanística, coa prescripción da acción que faculta a administración para iniciar a tramitación dun novo expediente de reposición da legalidade.


A prescripción debe ser probada por quen a alega non existindo neste expediente administrativo proba algunha testifical, confundindo o alegante as probas que di se practicaron en xuicio, co contido do expediente administrativo no que non aportou declaración xurada destes veciños, ni testemuña da acta do xuicio onde conste esta testifical.

Obra no expediente administrativo o informe do técnico municipal don Lino do Porto Framil de data 23 de xullo de 2012, no que manifesta: "procede adoptar as medidas de protección da legalidade urbanística. Por outra banda, as actuacións realizadas seguen sen ser compatibles co planeamento urbanístico"

A pretensión de que o técnico municipal determine a antigüidade da obra, é innecesaria amén de imposible por cingirse a discusión da antigüidade da obra a meses: o propio alegante di que a obra se rematou no ano 1996, e o denunciante sostén que a obra se rematou no ano 1997.

No apropiia sentenza que se está a executar, NON SE TEN POR PROBADA A PRESCRIPCION QUE ALEGO U o sr. Rey Sanchez."

SEGUNDO: *Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición, para o que é necesario a obtención da oportuna licenza municipal, requerindo a tal efecto a don*





Manuel Rey Sánchez para que presente o oportuno proxecto de demolición no prazo de un mes, advertíndoo que de non presentalo no prazo fixado, procederáse á demolición da fosa de purín a súa costa.

TERCEIRO: Notificar este acordo a don Manuel Rey Sánchez e don Julio Abel Fernández Fernández"

Visto o informe emitido pola asesora xurídica externa Doña Carmen González Gómez, de data 14 de febreiro de 2013, que se transcribe:

"De acordo co ordeado pola alcaldesa en providencia de data 1 de febreiro de 2013, notificada o 7 de febreiro de 2013, emito o seguinte,

INFORME- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN SOBOR AS ALEGACIONES PRESENTADAS POR DON MANUEL REY SÁNCHEZ EN DATA 10 DE XANEIRO DE 2013

PRIMEIRO. Consta neste Concello a sentenza dictada polo xulgado do contencioso-administrativo Nº 1 de Pontevedra en sede de recurso ordinario Nº 389/2009, sobor a construción dunha fosa de purín no lugar de Vis (Rellas), obra executada SEN LICENZA MUNICIPAL por don Manuel Rey Sánchez, culo fallo, literalmente, di:

"Procede estimar parcialmente el recurso contencioso-administrativo interpuesto por el procurador Sr. Rivas Gandásegui, en representación de D. Julio Abel Fernández Fernández y en consecuencia declarar la nulidad de la resolución presunta recurrida al no resultar ajustada a derecho, condenando al Concello a incoar y tramitar expediente de reposición de la legalidad urbanística respecto de los hechos a que se refieren los escritos de fechas 10-7-2008, 4-5-2009 y 16-6-2009, todo ello sin expresa condena en costas"

Sentenza ratificada pola sección 2º do TSX de Galicia, sentenza xa firme.

SEGUNDO. Consta neste concello e así se recolle na sentenza a executar:

1º- Que con data 28-09-2000 don Julio Abel Fernández Sánchez, presentou escrito ante o concello de Silleda interesando se proceda á revisión da construción por don Manuel Rey Sánchez dun pozo séptico para determinar se cumpre ou non, coas normas urbanísticas do concello, e, en caso contrario se proceda a ordear a súa demolición.

2º- Con data 23-05-2001 emitese informe polo técnico municipal no que se manifesta que as normas urbanísticas do plan xeral vixente dende o ano 1981 establecen uns retranqueos os efectos de poder edificar, que non se cumpren na construción do pozo séptico citado.

3º- Con data 08-02-2002 acordase tramitar o correspondente expediente de

reposición da legalidade urbanística contra don Manuel Rey Sánchez.

4º- Con data 30-12-2002 dictase de decreto de alcaldía polo que se orde a don Manuel Rey Sánchez que proceda a facer efectiva a execución das obras de derribo deste depósito ilegal.

5º- Con data 8-05-2003 dictase resolución polo concello incoando novo expediente de reposición da legalidade urbanística contra don Manuel Rey Sánchez pola presunta infracción urbanística consistente en construción dun depósito de purín sin contar coa preceptiva licenza municipal e ocupando terreos de dominio público no lugar de Vis (Rellas)

6º- Con data 11-1-2005 dictase resolución acordando iniciar os trámites oportunos para levar a cabo a demolición solicitada, reiterando tal orden por resolución de data 20-09-2005.

Contra esta última resolución interpúxose por don Manuel Rey Sánchez recurso contencioso-administrativo, dictándose sentenza polo xulgado do contencioso-administrativo Nº3 de Pontevedra en data 18-9-2007 pola que se estima o recurso, e se declara a nulidade da resolución impugnada por entender caducado o procedemento de reposición da legalidade urbanística. Sentenza confirmada polo TSX de Galicia.

7º.- Con data 10-7-2008; 4-5-2009 e 16-6-2009 don Julio Abel Fernández Sánchez presenta escritos interesando se proceda a tramitar os oportunos expedientes da legalidade urbanística, escritos que non foron contestados polo concello de Silleda.

TERCEIRO. *Con data 15 de marzo de 2012 a xunta de goberno local acorda:*

- Dar traslado do expediente aos servizos xurídicos do concello a fin de que se notifique ao xulgado do contencioso-administrativo Nº1 de Pontevedra a recepción do expediente administrativo*
- Se inicien os trámites necesarios para incoar expediente de reposición da legalidade con respecto á fosa de purín obxecto de litixio, e se procede, incoar expediente sancionador.*

CUARTO. *-Con data 3 de agosto de 2012, a xunta de goberno local adoptou, entre outros o seguinte acordo: Vistos os informes xurídicos e técnicos emitidos a requirimento da alcaldía, segundo os cales a obra executada no lugar de Vis, parroquia de Rellas, por D. Manuel Rey Sánchez, sen a oportuna licenza ou orde de execución, non pode ser legalizada por non cumprir os retranqueos establecidos no PXOM, A Xunta de goberno local adopta o seguinte acordó:*

PRIMEIRO: Incoar expediente de reposición da legalidade en relación coas obras que se realizaron no lugar de Vis, parroquia de Rellas, por D. Manuel Rey Sánchez sen a oportuna licenza ou orde de execución, consistentes na construción de unha fosa de purín.

SEGUNDO- Sendo ditas obras non legalizables de acordó co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, procedería decretar a súa demolición, para



o que é necesario a obtención da oportuna licenza municipal, requerindo a tal efecto a D. Manuel Rey Sánchez para que presente o oportuno proxecto de demolición.

TERCEIRO-Notificar este acordó aos interesados, D. Manuel Rey Sánchez e D. Julio Abel Fernández Sánchez, concedéndolles un prazo de 15 días para formular alegacions e presentar cantos documentos e probas estimen pertinentes.

QUINTO.- *Con data 5 de setembro de 2012, foille notificada dita resolución a don Manuel Rey Sánchez e máis a don Julio Abel Fernández Fernández.*

SEXTO.- *Don Julio Abel Fernández Fernández non formulou alegacions no prazo concedido.*

SÉPTIMO: *Don Manuel Rey Sánchez formulou alegacions no prazo concedido*

OCTAVO: *Con data 13 de decembro de 2012 a xunta de goberno local aprobou á proposta da alcaldesa .que se transcribe, o seguinte acordo:*

"PROPOSTA DE ALCALDIA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL SOBOR O POZO DE PURIN DO LUGAR DE VIS RELAS

ANTECEDENTES.-*Con data 3 de agosto de 2012, a xunta de goberno local adoptou , entre outros, o seguinte acordo: Vistos os informes xuridicos e técnicos emitidos a requerimento da alcaldía, segundo os cales a obra executada no lugar de Vis, parroquia de Rellos, por D. Manuel Rey Sánchez, sen a a oportuna licenza ou orde de execución. non pode ser legalizada por non cumprir os retranqueos establecidos no PXOM, A Xunta de goberno local adopta o seguinte acordo:*

PRIMEIRO: *Incoar expediente de reposición da legalidade en relación coas obras que se realizaron no lugar de Vis, parroquia de Relas, por D. Manuel Rey Sánchez sen a oportuna licenza ou orde de execución , consistentes na construción de unha fosa de purín.*

SEGUNDO.-*Sendo ditas obras non legalizables de acordó co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, procedería decretar a súa demolición, para o que é necesario a obtención da oportuna licenza municipal, requerindo a tal efecto a D. Manuel Rey Sánchez para que presente o oportuno proxecto de demolición.*

TERCEIRO.-*Notificar este acordó aos interesados, D. Manuel Rey Sánchez e D. Julio Abel Fernández Sánchez, concedéndolles un prazo de 15 días para formular alegacions e presentar cantos documentos e probas estimen pertinentes.*

SEGUNDO: *Con data 5 de setembro de 2012, foille notificada dita resolución a don Manuel Rey Sánchez e máis a don Julio Abel Fernández Fernández.*

TERCEIRO.- *Don Julio Abel Fernández Fernández non formulou alegacions no*



prazo concedido. Don Manuel Rey Sánchez presentou con data 21 de setembro de 2012 (rex .entrada 5001) escrito de alegacions ao que acompaña fotocopia dos seguintes documentos: testamento, certificado de defunción, certificado de actos de última vontade , e liquidación do imposto de sucesions de don Antonio Rey Colmeiro (pai do alegante); compra de dereitos hereditarios entre don Manuel Rey Sánchez (adquirente) e don José Rey Sánchez, (vendedor) ; título de concentración parcelaria a nome de don Antonio Rey Colmeiro corresponden te a finca Nº 684 do plano de concentración parcelaria de Escuadra- Rellas , e informe pericial elaborado por don Guillermo Atán Jurjo.

Neste escrito de alegacions , manifesta:

- A) Que existen varias sentenzas sobor a fosa de purín. Que ningunha destas sentenzas entrou no fondo do asunto, que sólo condean ao concello de Silleda a incoar un expediente de reposición da legalidade.*
- B) Que a fosa de purín está dentro da propiedade do sr. Rey Sánchez, segundo acreditan con informe pericial de o enxeiro técnico agrícola don Guillermo Atán Jurjo . Que varios veciños do lugar de Vis testificaron nos procedementos xudiciais que o depósito está en liña coa edificación e fora do camiño*
- C) Que este depósito constrúese no ano 1976. Que no ano 1996 só se executou o teito do depósito. Que a antigüidade do depósito é moi anterior a o ano 1998, segundo acredita o informe do perito sr. Atán Jurjo.*

Econclúe dicindo:

- Que a infracción prescribeu .*
- Que o acordo da xunta de goberno local é nulo de pleno dereito porque aplícase a LOUGAe non o da ley 1/1997 do solo de Galicia.*
- Que o acordo da xunta de goberno local é nulo de pleno dereito porque é competente a alcaldesa para a adopción do mesmo.*


SOLICITA que se estimen as alegacions e que se acorde o arquivo deste expediente.

CUARTO: *Que a requirimento de esta alcaldía emiteuse informe xurídico pola asesora externa deste concello , no que conclúe:*

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN: *As alegacions presentadas deben ser destinadas polo seguinte:*

1º- A lexislación que resulta de aplicación ven fixada na sentenza que se está a executar, no que se di, que é de aplicación ao caso o artigo 209 e seguintes da LOUGA; lexislación que a sentenza do TSX tamén considera de aplicación (fundamento xurídico 1 e 8).

2º- Non pode aceptarse a existencia de prescripción da infracción xa que a propia





sentenza non acolle esta excepción aludindo á falta de probas, e apuntando que ben podería tratarse dunha actividade de carácter continuado "cuyo plazo de prescripción comenzaría a la finalización de dicha actividad". No informe pericial adxuntado dise: "trátase dun depósito para a recollida de purins das cuadras da súa propiedade, sito no lugar de Vis, do Concello de Silleda" o que é ven a acreditar que se trata dunha actividade continuada.

Asemade a prescripción debe ser probada pola parte que a alega ,o cal, evidentemente ,non sucedeu no presente suposto.

3º. Non existe nulidade de pleno dereito xa que a normativa de aplicación, ven fixada na propia sentenza ,sendo de aplicación a LOUGA.

4º. Non existe incompetencia da xunta de goberno local, xa que a sra. Alcaldesa - presidenta deste concello de Silleda delegou as competencias de urbanismo que ope legis ten atribuídas, na xunta de goberno local, en data 4 de xullo de 2011, dando conta ao pleno desta delegación de competencias o día 8 de xullo de 2011.

QUINTO: *Don Julio Abel Fernández Fernández en data 5 de novembro con nº de rexistro 5771, presentou escrito no que solicita se l/e teña por parte neste procedemento e se lle de traslado de cantas actuacións se leven a cabo no presente procedemento.*

SEXTO: *A vista de todo o exposto e do contido do informe xurídico, propónse a xunta de goberno local:*

PRIMEIRO: *Desestimar as alegacións formuladas por don Manuel Rey Sánchez, polos seguintes motivos:*

1º- A lexislación que resulta de aplicación ven fixada na sentenza que se está a executar, na que se di, que é de aplicación ao caso o artigo 209 e seguintes da LOUGA; lexislación que a sentenza do TSX tamén considera de aplicación (fundamento xurídico 1 e 8).

2º- Non pode aceptarse a existencia de prescripción da infracción xa que a propia sentenza non acolle esta excepción aludindo á falta de probas, e apuntando que ben podería tratarse dunha actividade de carácter continuado "cuyo plazo de prescripción comenzaría a la finalización de dicha actividad". No informe pericial adxuntado dise: "trátase dun depósito para a recollida de purins das cuadras da súa propiedade, sito no lugar de Vis, do Concello de Silleda" o que ven a acreditar que se trata dunha actividade continuada.

Asemade a prescripción debe ser probada pola parte que a alega, o cal, evidentemente, non sucedeu no presente suposto.

3º- Non existe nulidade de pleno dereito xa que a normativa de aplicación, ven fixada na propia sentenza .sendo de aplicación a LOUGA.

4º- Non existe incompetencia da xunta de goberno local, xa que a sra. Alcaldesa - presidenta deste concello de Silleda delegou as competencias de urbanismo que ope legis ten atribuídas. na xunta de goberno local, en data 4 de xullo de 2011, dando conta ao pleno desta delegación de competencias o día 8 de xullo de 2011.

SEGUNDO: *Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición ,para o que é necesario a obtención da oportuna licenza municipal, requirindo a tal efecto a don Manuel Rey Sánchez para que presente o oportuno proxecto de demolición no prazo de un mes, advertíndoo que de non presentalo no prazo fixado, a sra. alcaldesa ordeará a demolición da fosa de purín a costa do sr. Rey Sánchez.*

TERCEIRO: *Notificar este acordo a don Manuel Rey Sánchez e don Julio Abel Fernández Fernández, reiterando que o expediente pode ser consultado nas oficinas de urbanismo deste concello onde poderán obter as copias que precisen, e concedéndolles un prazo de dez días para formular alegacións a esta proposta de resolución de conformidade co disposto no artigo 209.3 da LOUGA.”*

NOVENO: *Con data 10 xaneiro de 2013 don Manuel Rey Sánchez presenta escrito de alegacións no que, indica:*

1º- Non procede conceder un novo trámite de alegacións senón que o que ten que facer o concello é adoptar algunha das resolucións previstas no artigo 209.3 LOUGA. Interesa a anulabilidade do acto.

2º- Sostén que a normativa aplicable é a lei 1/1997 (lei do solo de Galicia) e non a LOUGA

3º- Alega irretroactividade na aplicación da potestade sancionadora

4º- Alega prescripción da infracción cometida. Sostén que o depósito xa existía no ano 1976 e que o teito se fixo no ano 1996. Que o veciño denunciante di que a obra litixiosa é do ano 1997. Que se tardou máis de cinco anos en incoar expediente de reposición da legalidade. Que o que di a sentenza é que se ten que facer un informe do técnico municipal con posterioridad aos escritos do recurrente. Que estos feitos van ser postos en coñecemento do ministerio fiscal porque o que ten que facer a administración é incoar expediente de reposición da legalidade e un informe técnico municipal posterior a data dos escritos dirixidos pola recurrente e non interpretar a sentenza.

5º- Que o obxecto do expediente administrativo é a obra executada no lugar de Vis, parroquia de Rellas sen a oportuna licenza, por don Manuel Rey Sánchez.

DÉCIMO: *As alegacións non poden prosperar xa que:*

1º- O feito de conceder un trámite de audiencia a maiores do preceptuado legalmente, non pode ser causa de anulabilidade , xa que se lle está a conceder maiores garantías ao administrado que as que lle corresponden, polo que ningún dano ou perxuício se lle ocasiona a quen alega a existencia deste defecto





procedimental. Se se estima a anulabilidade habería que retrotraer as actuacións ao momento de cometida a infracción (dar un novo trámite de alegacions), e dictar a resolución definitiva que procedese, sendo máis oportuno por economía procesal continuar a tramitación deste procedemento, dictando tras o examen destas novas alegacions, resolución expresa.

2º- Confunde o recurrente a normativa aplicable ao procedemento de reposición da legalidade, que indiscutiblemente é a LOUGA que este procedemento incoouse por acordo da xunta de goberno local de data 3 de agosto de 2012, coa normativa de aplicación a prescripción da infracción administrativa, que sostén, o recurrente, é a lei do solo 1/1997.

3º- É doutrina do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, en exégesis da disposición

transitoria décima da LOUGA que establece que os procedementos sancionadores e de reposición da legalidade por infraccións urbanísticas cometidas con anterioridade a súa entrada en vigor, rexiránse pola lexislación vixente no momento da súa comisión, que para a apreciación da prescripción polo transcurso do prazo de catro anos que viña recollido na lei 1/1997 do chan de Galicia é necesario que o mesmo houbera transcurrido antes da entrada en vigor da LOUGA.

O propio alegante, tras recoñecer que o teito do depósito se colocou no ano 1996, refírese a que o propio denunciante data a obra no ano 1997. Non existe proba algunha sobor a data de remate total das obras. É incuestionable que o prazo de prescripción empeza a computarse dende o remate total da obra tanto na LOUGA, coma na lei do solo de 1997, e mesmo na lei do solo do 1976.

Xa no ano 2000 don Julio Abel Fernández Fernández denuncia ante o concello a ilegalidade desta obra (feito declarado probado en varias sentenzas), realizando o concello os actos administrativos que se consignan nos antecedentes, que dende logo interrompen o prazo de prescripción da infracción, polo que é evidente que non transcorreu o prazo de catro anos fixado na lei do solo de Galicia do ano 1997 como de prescripción, cando entrou en vigor a LOUGA.

Confunde, na súa interesada defensa da existencia de prescripción, a caducidade dun expediente de reposición da legalidade urbanística, coa prescripción da acción que faculta a administración para iniciar a tramitación dun nava expediente de reposición da legalidade.

A prescripción debe ser probada por quen a alega non existindo neste expediente administrativo proba algunha testifical e confundindo o alegante as probas que di se practicaron en xuício. co contido do expediente administrativo no que non aportou declaración xurada destes veciños, ni testemuña da acta do xuício onde conste esta testifical.

Obra no expediente administrativo o informe do técnico municipal don Lino do Porto Framil de data 23 de xullo de 2012, no que manifesta: "procede adoptar as medidas de protección da legalidade urbanística. Por outra banda, as actuacións realizadas seguen sen ser compatibles co planeamento urbanístico"

A pretensión de que o técnico municipal determine a antigüidade da obra,

é innecesaria amén de imposible por cingirse a discusión da antigüdade da obra a meses: o propio alegante di que a obra se rematou no ano 1996, e o denunciante sostén que a obra se rematou no ano 1997, mentres o informe pericial que aportan din que é anterior ao ano 1998.


A alegación de prescripción si se fixo no procede mento xudicial, non conseguindo probar a existencia da mesma o sr. Rey Sánchez. Así na propia sentenza de 9 de xuño de 2011, dictada polo xulgado do contencioso- administrativo Nº1 de Pontevedra dise fundamentación xurídica: "Primero.- El presente recurso contencioso- administrativo se interpone contra la desestimación presunta por silencio administrativo, de la reclamación efectuada por el recurrente al concello de Silleda en fechas 10-07-2008, 4-5-2009 Y 16-6-2009 interesándose se incoe expediente de reposición de la legalidad urbanística derivado de los hechos allí expuestos así como se ordenase la inmediata clausura de la fosa de purines construída por el codemandado.

La parte demandada se opone a la demanda alegando la existencia de prescripción respecto de las denuncias e infracciones formuladas.

Segundo: Por lo que se refiere al fondo del asunto, la cuestión a dilucidar es si procede o no la incoación y tramitación de expediente de reposición de la legalidad urbanística y la adopción de la medida de clausura de la fosa de purines construída objeto del presente recurso.

El art. 209 de la LOUGA encuadrado dentro de la sección destinada a la protección de la legalidad urbanística, se refiere a las obras realizadas sin licencia en curso de ejecución y establece que (...)

tercero: Así pues, de las pruebas practicadas en el procedimiento en concreto por la documental aportada, consta en autos que en fecha 28-09-2000 el recurrente presenta escrito ante el concello de Silleda interesando se proceda a la revisión de la construcción por el codemandado de un pozo séptico para determinar si cumple o no con las normas urbanísticas del concello y en caso contrario se proceda ordenar su destrucción (..) Así .pues, teniendo en cuenta el informe del técnico municipal, así como del resto de la prueba documental mencionada en la que se alude y describe una infracción urbanística cometida e igualmente teniendo en cuenta que con respecto a los escritos presentados por el recurrente en las fechas a que hace referencia el presente recurso, denunciando la realización de una actividad ilegal y sin cumplir la normativa de actividades clasificadas, sin que conste en el expediente administrativo informe alguno del técnico municipal ni actuación alguna encaminada a acreditar tales extremos, y de la legislación aplicable al presente caso y mencionada anteriormente, la realización y emisión de un informe municipal con posterioridad a la fecha de los escritos dirigidos por la recurrente en las fechas que constan en el presente recurso a la administración demandada a fin de averiguar la realidad o no de las supuestas infracciones urbanísticas mencionadas, extremos que no resultan desvirtuados por las alegaciones de la parte codemandada en su escrito de contestación a la demanda respecto a la existencia de prescripción de la





infracción con relación a la construcción del depósito de purines , aportando al efecto informe pericial, puesto que no consta informe del técnico municipal en el que se pronuncie sobre tal extremo ni tampoco sobre la realización de una actividad de carácter continuado, cuyo plazo de prescripción comenzaría la fecha de finalización de tal actividad (...)

Esta sentenza foi ratificada pola sección 2º do TSXen data 2 de febreiro de 2012, sentenza na que se pode ler:

"Fundamentos jurídicos 1- Se aceptan los extremos tácticos y razonamientos jurídicos contenidos en el fallo jurisdiccional " a qua" recaída y que cabe confirmar ahora "ad quem ...8 pese al inequívoco tenor imperativo- normativo antes referenciuio de aquellos arts 209 y 210 de dicha ley 9/02"

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN: *As alegacions presentadas deben ser destinadas polo seguinte:*

1º- O feito de conceder un trámite de audiencia a maiores do preceptuado legalmente, non pode ser causa de anulabilidade I xa que se lle está a conceder maiores garantías ao administrado que as que lle corresponden, polo que ningún dano ou perxuício se lle ocasiona a quen alega a existencia deste defecto procedimental. Si se estima a anulabilidade habería que retrotraer as actuacións ao momento de cometida a infracción (dar un novo trámite de alegacions) , e dictar a resolución definitiva que procedese , sendo máis oportuno por economía procesal continuar a tramitación deste procedemento ,dictando tras o examen destas novas alegacions, resolución expresa.

2º- Confunde o recurrente a normativa aplicable ao procedemento de reposición da legalidade, que indcutiblemente é a LOUGAxa que este procedemento incoouse por acordo da xunta de goberno local de data 3 de agosto de 2012, coa normativa de aplicación a prescripción da infracción administrativa, que sostén, o recurrente .é a lei do solo 1/1997.

3º- É doutrina do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia , en exégesis da disposición transitoria décima da LOUGA que establece que os procedementos sancionadores e de reposición da legalidade por infraccions urbanísticas cometidas con anterioridade a súa entrada en vigor, rexiránse pola lexislación vixente no momento da súa comisión, que para a apreciación da prescripción polo transcurso do prazo de catro anos que viña recollido na lei 1/1997 do chan de Galicia é necesario que o mesmo houbese transcurrido antes da entrada en vigor da LOUGA.

O propio alegante, tras recoñecer que o teito do depósito se colocou no ano 1996, refírese a que o propio denunciante data a obra no ano 1997, e no informe que presentan di que se fixo antes de 1998. É incuestionable que o prazo de prescripción empeza a computarse dende o remate total da obra tanto na LOUGA, coma na lei

do solo de 1997, e mesmo na lei do solo do 1976 .

Xa no ano 2000 don Julio Abel Fernández Fernández denuncia ante o concello a ilegalidade desta obra (feito declarado probado en varias sentenzas) l realizando o concello os actos administrativos que se consignan nos antecedentes, que dende logo interrompen o prazo de prescripción da infracción, polo que é evidente que non transcorreu o prazo de catro anos fixado na lei do solo de Galicia do ano 1997 como de prescripción, cando entrou en vigor a LOUGA.

Confunde ,na súa interesada defensa da existencia de prescripción, a caducidade dun expediente de reposición da legalidade urbanística I coa prescripción da acción que faculta a administración para iniciar a tramitación dun novo expediente de reposición da legalidade .

A prescripción debe ser probada por quen a alega non existindo neste expediente administrativo proba algunha testifical , confundindo o alegante as probas que di se practicaron en xuicio, co contido do expediente administrativo no que non aportou declaración xurada destes veciños, ni testemuña da acta do xuicio onde conste esta testifical.

Obra no expediente administrativo o informe do técnico municipal don Lino do Porto Framil de data 23 de xullo de 2012, no que manifesta: “procede adoptar as medidas de protección da legalidade urbanística. Por outra banda, as actuacións realizadas seguen sen ser compatibles co planeamento urbanístico”

A pretensión de que o técnico municipal determine a antigüidade da obra, é innecesaria amén de imposible por cingirse a discusión da antigüidade da obra a meses: o propio alegante di que a obra se rematou no ano 1996, e o denunciante sostén que a obra se rematou no ano 1997.

No apropiia sentencia que se está a executar, NON SE TEN POR PROBADA A PRESCRIPCION QUE ALEGOU o sr. ReySanchez.


É o meu parecer, salvo mellor criterio

*En Silleda a 14 de febreiro de 2013
Asdo.: MC. González Gómez”*

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a proposta da Alcaldesa transcrita e polo dito:

PRIMEIRO: Rexeitar as alegacions presentadas polos seguintes motivos:

1º- O feito de conceder un trámite de audiencia a maiores do preceptuado legalmente, non pode ser causa de anulabilidade , xa que se lle está a conceder maiores garantías ao administrado que as que lle corresponden, polo que ningún dano ou perxuício se lle ocasiona a quen alega a existencia deste defecto procedimental. Si se estima a anulabilidade habería que retrotraer as actuacións ao momento de cometida a infracción (dar un novo trámite de alegacions), e dictar a resolución definitiva que



procedese, sendo máis oportuno por economía procesal continuar a tramitación deste procedemento, dictando tras o examen destas novas alegacions, resolución expresa.

2º- Confunde o recurrente a normativa aplicable ao procedemento de reposición da legalidade, que indcutiblemente é a LOUGA xa que este procedemento incoouse por acordo da xunta de goberno local de data 3 de agosto de 2012, coa normativa de aplicación a prescripción da infracción administrativa, que sostén, o recurrente, é a lei do solo 1/1997.

3º- É doutrina do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, en exégesis da disposición transitoria décima da LOUGA que establece que os procedementos sancionadores e de reposición da legalidade por infraccións urbanísticas cometidas con anterioridade a súa entrada en vigor, rexiránse poia lexislación vixente no momento da súa comisión, **que para a apreciación da prescripción polo transcurso do prazo de catro anos que viña recollido na lei 1/1997 do chan de Galicia é necesario que o mesmo houbera transcurrido antes da entrada en vigor da LOUGA.**

O propio alegante, tras recoñecer que o teito do depósito se colocou no ano 1996, refírese a que o propio denunciante data a obra no ano 1997, e no informe que presentan di que se fixo antes de 1998. É incuestionable que o prazo de prescripción empeza a computarse dende o remate total da obra tanto na LOUGA, coma na lei do solo de 1997, e mesmo na lei do solo do 1976.

Xa no ano 2000 don Julio Abel Fernández Fernández denuncia ante o concello a ilegalidade desta obra (feito declarado probado en varias sentenzas) realizando o concello os actos administrativos que se consignan nos antecedentes, que dende logo interrompen o prazo de prescripción da infracción, polo que é evidente que non transcorreu o prazo de catro anos fixado na lei do solo de Galicia do ano 1997 como de prescripción, cando entrou en vigor a LOUGA.

Confunde, na súa interesada defensa da existencia de prescripción, a caducidade dun expediente de reposición da legalidade urbanística, coa prescripción da acción que faculta a administración para iniciar a tramitación dun novo expediente de reposición da legalidade.

A prescripción debe ser probada por quen a alega non existindo neste expediente administrativo proba algunha testifical, confundindo o alegante as probas que di se practicaron en xuicio, co contido do expediente administrativo no que non aportou declaración xurada destes veciños, ni testemuña da acta do xuicio onde conste esta testifical.

Obra no expediente administrativo o informe do técnico municipal don Lino do Porto Framil de data **23 de xullo de 2012**, no que manifesta: "procede adoptar as medidas de protección da legalidade urbanística. Por outra banda, as actuacións realizadas seguen sen ser compatibles co planeamento urbanístico"

A pretensión de que o técnico municipal determine a antigüidade da obra, é innecesaria amén de imposible por cingirse a discusión da antigüidade da obra a meses: o propio alegante di que a obra se rematou no ano 1996, e o denunciante



sostén que a obra se rematou no ano 1997.

No aproia sentenza que se está a executar, **NON SE TEN POR PROBADA A PRESCRIPCION QUE ALEGO U o sr. Rey Sanchez."**

SEGUNDO: Sendo ditas obras non legalizables de acordo co PXOM de Silleda e demais normas urbanísticas aplicables, ordear a súa demolición, para o que é necesario a obtención da oportuna licenza municipal, requirindo a tal efecto a don Manuel Rey Sánchez para que presente o oportuno proxecto de demolición no prazo de un mes, advertíndoo que de non presentalo no prazo fixado, procederáse á demolición da fosa de purín a súa costa.

TERCEIRO: Notificar este acordo a don Manuel Rey Sánchez e don Julio Abel Fernández Fernández"

4º.- URBANISMO


4.1.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE EXPLOTACIÓN GANDEIRA SOLICITADO POR JUSTA DIVINA FERNÁNDEZ RÍOS

Visto o escrito presentado por Dª Justa Divina Fernández Ríos, de data 18 de febreiro de 2013, Rexistro de Entrada nº 842 de data 18 de febreiro de 2013, solicitando cambio de titularidade de explotación de gando porcino, sita na parcela nº 184 do plano de concentración parcelaria de Saidres-Carboeiro, no lugar de A Pena-Capelan, parroquia de Saidres (Silleda), sendo o seu anterior titular Ganadería de Saidres S.L.

Visto que no expediente consta acordo da Xunta de Goberno Local, celebrada o 3 de xuño de 2004, de Recoñecemento de explotacións agrícolas e gandeiras ó abeiro da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e circular informativa 1/2003, do 31 de xullo (Expediente núm 146/2003/4072).

Visto que no expediente consta escritura de compraventa, nº de protocolo 1392 del Notario de Silleda, Dº Manuel Barros Gallego, de fecha 07 de diciembre de 2011, (da cal despréndese que Dº Esteban Fernández Rozados é titular da explotación mediante título de compraventa a "Ganadería Saidres, S.L." mediante escritura otorgada en Silleda el 27 de diciembre de 2007 ante el Notario Don Manuel Barros Gallego, bajo el número de protocolo 1.904), e mediante a cal vende a Justa Divina Fernández Ríos a finca nº 184 do plano de concentración parcelaria de Saidres-Carboeiro, polígono 502.

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos membros



presentes, **acorda conceder o cambio de titularidade do Expediente núm 146/2003/4072 de Recoñecemento de explotacións agrícolas e gandeiras ó abeiro da Lei 9/2002, de 30 de decembro, e circular informativa 1/2003, do 31 de xullo, correspondente á explotación sita na finca nº 184 do plano de concentración parcelaria de Saidres-Carboeiro, no lugar de A Pena-Capelan, parroquia de Saidres no término municipal de Silleda, a nome de Justa Divina Fernández Ríos.**

5º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE A BANDEIRA.

Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04- 07-2011), por unanimidade dos presentes, acorda :

CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBA “MEJORA DEL CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE A BANDEIRA”. PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

Visto que por Resolución de 8 de outubro de 2012 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Consellería do Medio Rural e do Mar (DOG nº 198, 17-10-2012) concedeuse subvención (código exp : D 12-32110-0634; importe da axuda: 134.429,98 euros) ó concello, e indícase que o prazo para executar e xustificar a inversión finaliza o 03 de decembro de 2012.


Visto que por escrito de 18 de outubro de 2012 del Subdirector de coordinación e planificación para o desenvolvemento rural da Consellería do Medio Rural e do Mar (rex saída Xunta 18-10-2012, rex entr concello 19-10-2012, nº 5490) comunícase que o prazo de xustificación desta subvención finaliza antes do 30 de xuño de 2013, nas condicións deste escrito (xunto co cal achégase escrito de Resolución de concesión de axuda de 08 de outubro de 2012 do Director Xeral de Agader).

Visto o expediente tramitado para o contrato administrativo de obra: “Mejora del Centro Cultural Vista Alegre de A Bandeira.

Precio de licitación: 149,999,98 euros .IVA 21%: 31.500 EUROS. Precio de licitación (IVA incl): 181.499,98 euros

Consta no expediente:

- Acta de replanteo previo, asinada pola Alcaldesa e o Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, facultativo redactor do proxecto, en data 29 de xaneiro de 2013.



- **Consta certificado do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 24 de xaneiro de 2013, no que se acorda:** *“Aprobar o proxecto técnico “Proxecto de mellora do Centro Cultural “Vista Alegre” de A Bandeira: situación Rúa Xeral, s/n, A Bandeira; promotor Concello de Silleda; data maio 2012: arquitecto redactor José Luis Sanmiguel Guerreiro, nº 2564 COAG ; que inclúe orzamento (asinado en decembro de 2012) por total orzamento 181.499,98 euros (IVE 21% incluído: 31.500 euros)”.*

- **Consta certificado do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 14 de febreiro de 2013, no que se acorda:**

“1º.- Aprobar o informe emitido por José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto, con data febreiro de 2013 titulado “Informe al proyecto de mejora del Centro Cultural “Vista Alegre” de A Bandeira”.

2º.- Sustituir o informe do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 09 de novembro de 2012 polo emitido por José Luis Sanmiguel Guerreiro, arquitecto, con data febreiro de 2013 titulado “Informe al proyecto de mejora del Centro Cultural “Vista Alegre” de A Bandeira”, transcrito anteriormente e que pasa a formar parte deste expediente, indicando que esta substitución non produce ningunha modificación no resto do expediente.

3º.- Deixar sin efecto o informe do arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 09 de novembro de 2012 que consta neste expediente.”

- **Por Resolución da Alcaldesa de 18 de febreiro de 2013 se iniciou o expediente de adxudicación deste contrato administrativo de obra, por procedemento negociado sen publicidade.**

- **Consta certificado de existencia de crédito** na partida 414/632 no orzamento de 2013 por importe de 181.499,98 euros, emitido pola interventora municipal, de data 18 de febreiro de 2013.

- **Consta informe da interventora do concello** de data 20 de febreiro de 2013 “Asunto: Aprobación del pliego de cláusulas administrativas del contrato de obra para la ejecución del proyecto denominado “Mejoras de las instalaciones del Centro Cultural Vista Alegre de Bandeira”

-**Constan informe-proposta do secretario acctal (Decreto 14.02.13) do concello**, de data 18 de febreiro de 2013 referido ó contrato administrativo de obra: “Mejora del Centro Cultural Vista Alegre de A Bandeira”.



- O prego de cláusulas administrativas particulares: “Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexir a contratación administrativa, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra “Mellora do Centro Cultural Visla Alegre de A Bandeira”, asinado pola Alcaldesa.

- Consta informe xurídico ó prego de cláusulas administrativas particulares “Mellora do Centro Cultural Vista Algreda de Bandeira” emitido por Juan Carlos Peteiro Rodríguez, en data 18 de febreiro de 2013.

- O prego de prescricións técnicas: “Prego de condiciones y normativa técnica aplicable” que forma parte do proxecto aprobado por esta Xunta de Goberno Local en sesión de 24 de xaneiro de 2013.

Visto o expediente tramitado, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 229 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001, 12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a **Xunta de goberno Local, por delegación da Alcaldesa (decreto 04-07-2011), por unanimidade dos presentes, acorda** :

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, para a obra consistente na MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE A BANDEIRA

SEGUNDO. Autorizar, pola contía de 181.499,98 euros, o gasto que para este concello representa a devandita contratación, con cargo á partida 414.632 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

TERCEIRO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato de obras consistentes na MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE A BANDEIRA por procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO. Que o órgano de contratación solicite ofertas a tódalas empresas relacionadas co sector con domicilio fiscal en Silleda, excepto aquelas que manteñan litixios técnicos ou xurídicos co Concello.

ANEXOS :

- O prego de cláusulas administrativas particulares: “Prego de cláusulas administrativas



particulares que haberán de rexir a contratación administrativa, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra “Mellora do Centro Cultural Visla Alegre de A Bandeira”, asinado pola Alcaldesa.

TRANSCRÍBESE:

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto, Cualificación do Contrato e Organo de Contratación

O obxecto do contrato é a realización das obras consistentes na MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA, conforme ao proxecto técnico redactado polo arquitecto José Luis Sanmartín Guerrero, aprobado pola Xunta de Goberno de data 24 de Xaneiro de 2013CPV: 45200000-9.

Tómase en consideración que a obra está subvencionada pola Axencia Galega de desenvolvemento Rural (Consellería do Medio Rural), segundo resolución de data 8 de Outubro de 2012. No expediente de solicitude de subvención está xustificada a necesidade das obras.


O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras tal e como establece o artigo 6 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa efectuada por Decreto de 4 de xullo de 2011.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de obras de MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles, de acordo co artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento, asegurándose a concorrencia, é dicir, será necesario solicitar ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.



CLÁUSULA TERCEIRA. O Perfil de Contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: www.silleda.es

CLÁUSULA CUARTA. Importe do Contrato

O importe do presente contrato ascende á contía de 181.499,98 euros. O prezo certo anterior queda detallado nun valor estimado de 149.999,98 euros e no Imposto sobre o Valor Engadido de 31.500 euros.

O valor estimado do contrato ascende á contía de 149.999,98 euros (IVE excluído), tendo en conta as posibles prórrogas e modificacións deste.

O importe aboarase con cargo á partida 414.632 do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito suficiente até o importe aprobado polo Concello, quedando acreditada a plena dispoñibilidade das seguintes achegas que permiten financiar o contrato.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato

A duración do contrato¹ de obras de MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA será de catro meses.


A execución do contrato de obras comezará coa acta de comprobación do trazado de planta no prazo de 3 días desde a data de formalización do contrato.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións para contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

*1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:*

*a. Dos empresarios que fosen **persoas xurídicas** mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no*



Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

*b. Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea** pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.*

c. Dos demais empresarios estranxeiros, con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

*2. A proba, por parte dos empresarios, da **non concorrencia** dalgunha das **prohibicións para contratar** reguladas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro poderá realizarse:*

a. Mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A solvencia do empresario:

*3.1 A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:*

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) As contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en Rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que





se dispoña das referencias do devandito volume de negocios.

*3.2. Nos contratos de obras, a **solvencia técnica** do empresario poderá ser acreditada por un ou varios dos medios seguintes:*

a) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras máis importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e foron levadas normalmente a bo termo; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Declaración indicando os técnicos ou as unidades técnicas, estean ou non integradas na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras, especialmente os responsables do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables das obras.

d) Nos casos adecuados, indicación das medidas de xestión ambientais que o empresario poderá aplicar ao executar o contrato.

e) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente.

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do Contratista

Non será exigible.

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa

As ofertas presentaranse no Concello R/Trasdeza, 55 -Silleda, en horario de atención ao público, no prazo que se indique na invitación a participar.

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as ofertas se envien por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a oferta se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta [sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro]. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.


A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na negociación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo candidato e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "Oferta para negociar a contratación das obras de MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA. A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre "A": Documentación Administrativa.**
- Sobre "B": Oferta Económica e Documentación.**

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:



SOBRE "A"
DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA²

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, verificado de suficiencia polo Secretario da Corporación.

- Se o candidato fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

- Igualmente a persoa con poder verificado de suficiencia a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.


Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta.

d) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica.

Se a empresa se atopase pendente de clasificación, deberá achegarse o documento acreditativo de presentar a correspondente solicitude para iso, debendo xustificar o estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro para a corrección de defectos ou omisións na documentación.

e) No seu caso, un enderezo de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

f) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as



incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao candidato.

SOBRE "B"
OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN

a) Oferta económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

"D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, n.º _____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, recibindo invitación para a presentación de oferta e decatado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade do contrato de obras de **MELLORA DO CENTRO CULTURAL VISTA ALEGRE DE BANDEIRA** fago constar que coñezo o prego que serve de base ao contrato e que o acepto integramente, comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do candidato,
Asdo.: _____."

b) Documentos que permitan valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

CLÁUSULA NOVENA. Garantía Provisional

En consonancia co disposto no artigo. 103 do RDLeg 3/2011 TRLCSP, os licitadores quedan dispensados da constitución da garantía provisional.

CLÁUSULA DÉCIMA. Aspectos Obxecto de Negociación coa Empresa

O órgano de contratación, sin perxucio de que éste poida solicitar os informes que estime oportunos, aplicará estos criterios para a adxudicación:

1.- Prazo de execución (0 a 7 puntos):



O proxecto considerou un amplo prazo de referencia para a execución das obras, de 4 meses. Sin embargo a criterio técnico, enténdese que un adecuado estudio por parte da empresa con unha eficiente organización e programación das obras podería reducir en gran medida, e mantendo en todo caso un alto nivel de seguridade e saúde, así como da necesaria calidade en obra a executar.

Poderíase considerar unha mellora de 0,875 aplicable por cada semana de adianto sobre o prazo inicial, segundo o seguinte cadro:

	<i>Adianto en semanas sobre o prazo inicial</i>	<i>Valor Baremo</i>
<i>1</i>	<i>Semanas</i>	<i>0,875</i>
<i>2</i>	<i>Semanas</i>	<i>1,75</i>
<i>3</i>	<i>Semanas</i>	<i>2,625</i>
<i>4</i>	<i>Semanas</i>	<i>3,50</i>
<i>5</i>	<i>Semanas</i>	<i>4,375</i>
<i>6</i>	<i>Semanas</i>	<i>5,25</i>
<i>7</i>	<i>Semanas</i>	<i>6,125</i>
<i>8</i>	<i>Semanas</i>	<i>7,00</i>

2.- Melloras adicionais: (de 0 a 7 puntos):

Considerando tanto as características do proxecto da fase 3, como as características e estado que as actuais instalacións presentan, enténdese que poderían ser de interese as seguintes melloras.

2.a. Lamas graduables exteriores. Valor Baremo proposto: 0,31

O proxecto presentado inclúe unha pechadura exterior na fachada de acceso por medio de lamas graduables exteriores que permitirían un mellor control das condicións interiores de uso, ante as diferentes situacións climatolóxicas que durante todo o ano esa fachada experimentará.

Parece conveniente, que se estendese este tipo de acabado exterior a parte da fachada esquerda, para deste xeito mellorar o efecto de conxunto cunha imaxe global máis coherente na que se aproveitarían ademais os seus efectos polo seu uso. Esta existe no proxecto, por iso, únicamente cuantifícase a superficie mínima que podería ser obxecto desta mellora adicional.

A descrición e proposta para esta é a seguinte:

- *Cierre exterior formado por bastidor de aluminio lacado con lamas*



graduables de madera de iroko, herrajes de colgar y seguridad en acero inox, totalmente instalada.

Precio proyecto: 44,28 €/m2

Se considera debería aplicarse en una superficie de 20m2, y en consecuencia:

<i>PEM:</i>	<i>20 m2 x 44,28 €/m2 =</i>	<i>885,60 €</i>
<i>GG(13%):</i>	<i>885,60 * 0,13 =</i>	<i>115,13 €</i>
<i>BI (6%):</i>	<i>885,60 * 0,06 =</i>	<i>53,13 €</i>
<i>Subtotal:</i>		<i>1.053,86€</i>
<i>Iva(21%):</i>	<i>1.053,86 * 0,21=</i>	<i>221,31€</i>
<i>Total:</i>	<i>1.053,86 * 1,21=</i>	<i>1.275,17 €</i>

2.b. Limpieza e pintado verniz protector fachadas. Valor Baremo proposto: 2,36

Na actualidade as fachadas da ampliación atópanse con pequenas eflorescencias e manchas consecuencia da falta da falta de uso e mantemento. Por este motivo poderíase suscitar como mellora adicional unha limpeza da pintura actual para con posterioridad proceder a un tratamento que facilite o mantemento futuro, cos consecuentes aforros para a propiedade.

- Preparación e limpeza de paramentos, para posterior tratamento, mediante procedementos mecánicos.

Prezo estimado: 3,00 €/m2

- Pintura/verniz de protección contra a luz e alcalinidade sobre o soporte e acabado existente, cun aspecto similar pero que reduza o seu mantemento futuro. Os produtos e métodos a aplicar serán presentados á dirección que decidirá sobre a súa conveniencia.


Prezo estimado: 12,00 €/m2

En consecuencia, considerando que a superficie de fachadas é de 450,00 m2.

<i>PEM:</i>	<i>450 m2 x 15,00 €/m2 =</i>	<i>6.750,00 €</i>
<i>GG(13%):</i>	<i>6.750 * 0,13 =</i>	<i>877,50€</i>
<i>BI (6%):</i>	<i>6.750 * 0,06 =</i>	<i>405,00 €</i>
<i>Subtotal:</i>		<i>8.032,50 €</i>
<i>Iva(21%):</i>	<i>8.032,50 * 0,21=</i>	<i>1.686,82€</i>
<i>Total:</i>	<i>8.032,50 * 1,21=</i>	<i>9.719,32 €</i>

2.c. Estanterías biblioteca de obra en Pladur. Valor Baremo proposto: 0,68

Considérase a execución de estanterías de obra na biblioteca prevista. Deste xeito



produciríase un aforro considerable do futuro amueblamiento necesario.

As estanterías previstas execútanse en sistema "pladur" ou similar ata cubrir a superficie que se suscitaba no proxecto. Considéranse necesarios estantes de 0,45 m de fondo e a previsión é unha lonxitude lineal duns 15 metros. Estímase ademais que serán necesarios 5 niveis de baldas, e en consecuencia considérase unha superficie total de 33,75 m²

PEM:	$33,75 \text{ m}^2 \times 57,75 \text{ €/m}^2 =$	1.949,06 €
GG(13%):	$1.949,06 \times 0,13 =$	253,38€
BI(6%):	$1.949,06 \times 0,06 =$	116,94€
Subtotal:		2.319,38 €
Iva (21%):	$2.319,38 \times 0,21 =$	487,07 €
Total:	$2.319,38 \times 1,21 =$	2.806,45 €


2.d. Impermeabilización Sótano. Valor Baremo proposto: 3,65

No orzamento do proxecto considerouse necesaria unha partida que serviría para paliar os problemas de presenza de augas no sótano. Por cuestións de axuste presupuestario incluíase a posibilidade de solucionar estes problemas nunha parte do sótano (zona das escaleiras e ascensor).

Esta podería ser adecuada como mellora adicional para resolver definitivamente o problema e ampliar esta impermeabilización á totalidade do sótano.

As partidas existentes no proxecto para esta mellora adicional, son:

- *Demolición de solera o pavimento de hormigón en masa, de 10 cm. de espesor, con retro-pala excavadora, i/corte previo en puntos críticos, retirada de escombros a pie de carga y p.p. de costes indirectos.*
- *Excavación, por medios manuales, de terreno de consistencia dura, en vaciado de sotano, con extracción de tierras, carga manual y transporte a vertedero autorizado, i/p.p. de costes indirectos.*
- *Encachado de piedra caliza 40/80mm. en sub-base de solera, i/extendido y compactado con pisón.*
- *Recrecido de mortero de cemento y arena de río M 2,5 según UNE-EN 998-2, de 2 cm. de espesor, maestreado.*
- *Film protector de polietileno*
- *Solera elevada mediante cámara, tipo Caviti Form, Cupolex o calidad equivalente de elementos modulares prefabricados PP-PET de PVC reciclado termoinyectado. Las piezas modulares serán de altura 100 mm. Comprendiendo: Suministro de las piezas y montaje, siguiendo las flechas indicativas impresas de izquierda a derecha por*



hileras, formando cada cuatro módulos, un pilar de apoyo hermético sobre la superficie de soporte, que será relleno con Hormigón HM-20 N/mm², consistencia plástica, T_{máx.} 20 mm., para ambiente normal, elaborado en central en solera, incluso vertido, compactado según EHE, p.p. de vibrado, regleado y curado en soleras, formando capa de compresión de 5 cm. se incluye además el corte de piezas para soluciones especiales como el encuentro con soportes y piezas finales de cierre. Medida la superficie ejecutada.

- formación de cámara bufa formado por cámara de aire de 5 cm. con formación de canaleta inferior de evacuación y pipetas de ventilación, aislamiento con planchas de poliestireno expandido de 40 mm. de espesor y 20 Kg/m³. de densidad y tabicón de ladrillo hueco doble, sentado con mortero de cemento CEM II/A-P 32,5 R y arena de río M 5 según UNE-EN 998-2, i/p.p. aplomado, nivelación, roturas, humedecido de piezas y colocación a restregón según CTE/DB-SE-F. Quedará la pared totalmente terminada lista para revestir.

En consecuencia, esta mejora adicional ascendería a un orzamento:

PEM:		10.448,87 €
GG (13%):	$10.448,87 * 0,13 =$	1.358,35 €
BI (6%):	$10.448,87 * 0,06 =$	626,93 €
Subtotal:		12.434,16 €
Iva (21%):	$12.434,16 * 0,21 =$	2.611,17 €
Total:	$12.434,16 * 1,21 =$	15.045,32 €

3.- Ampliación do prazo de garantía (de 0 a 1 punto)

Valorarase en 0.25 puntos por ano de aumento do prazo de garantía, cun máximo de 4 anos sobre o prazo inicial recollido na cláusula vixésima primeira.

4.- Oferta económica (de 0 a 2 puntos)

Otorgarase a puntuación máxima á oferta economicamente mais ventaxosa e a mínima (0 puntos) á menos ventaxosa en termos económicos, puntuándose as restantes proporcionalmente ao seu valor económico.

No suposto de igualdade de proposicións, aplicaranse os seguintes criterios de prioridade: Decidirase por aquel candidato que ofertara o menor prazo de execución; de persistir o empate, o que obteña maior puntuación nas melloras; si aínda así persiste o empate, o que ofertara maior prazo de garantía, e de continuar o empate o que ofertara menor precio. Caso de persistir o empate decidirase por sorteo.





CLÁUSULA UNDÉCIMA. Mesa de Contratación

Por ser de carácter optativo ao tratarse de procedimientto negociado sin publicidade, non se constitúe ni actúa no presente contrato

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.*
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.*
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.*
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.*

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Calificación de documentos e apertura de proposicións

Unha vez finalizado o prazo de presentación de proposicións, o órgano de contratación procederá á calificación dos documentos e apertura das proposicións:

Calificación de los documentos. *O órgano de contratación examinará e calificará os documentos presentados en tempo e forma dentro dos sobres "A" Documentación xeral, previamente ao acto de apertura dos sobres "B".*

Si se observasen defectos materiais na documentación presentada no sobre "A", notificarase tal circunstancia ao licitador correspondente mediante fax, telegrama ou correo electrónico, deixando constancia de dita notificación no expediente, concediéndolle un prazo non superior a tres días hábiles para que o enmende, para a súa subsanación, según o regulado no art. 81 del RD1098/2001 RCAP

Con independencia da subsanación a que se reiere el apartado anterior, o órgano de contratación, a efectos de completar a acreditación da documentación do sobre "A" dos licitadores, poderá solicitar de estos as aclaracions que estime oportunas sobre as certificacións e documentos presentados, así como requerilos para a presentación de outros documentos complementarios, requirimiento que deberá ser cumplimentado no prazo máximo de cinco días naturais e siempre antes da declaración de admisión das proposicións, segundo o regulado no art. 22 del RD1098/2001 RCAP

Apertura das ofertas. Unha vez examinada a documentación administrativa contida no el Sobre "A", efectuadas no seu caso as subsanacións correspondientes segundo o indicado no apartado anterior e admitidos os licitadores, el órgano de contratación procederá a abrir os sobres "B" e comenzará a negociación de acordo cos aspectos fixados no prego.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Requirimento da Documentación

Recibidos os informes, de haber sido solicitados, o órgano de contratación propondrá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de cinco³ días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

³ En virtude do artigo 112.2 do TRLCSP os prazos deben acurtarse á metade salvo o prazo previsto no artigo 156.3, por iso falamos de cinco días en vez de dez.


CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Garantía Definitiva

O candidato que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas





de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada até que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

*[En casos especiais, o órgano de contratación poderá establecer, ademais da garantía definitiva, que se preste unha **complementaria** de até un 5% do importe de adjudicación do contrato podendo alcanzar a garantía total un 10% do importe do contrato.]*

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Adjudicación do Contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adjudicar o contrato dentro dos tres⁴ días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adjudicación deberá ser motivada notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adjudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a súa candidatura.*

- *Con respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitise a súa oferta.*
- *En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.*
- *Na notificación e no perfil de contratante indicárase o prazo en que debe procederse á súa formalización.*

[A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos].

⁴ En virtude do artigo 112.2 do TRLCSP os prazos deben acurtarse á metade salvo o prazo previsto no artigo 156.3, por iso falamos de tres días en vez de cinco.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos quince días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Dereitos e Obrigacións do Adxudicatario

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

A) Abonos ao contratista⁵.

A expedición das certificacións da obra executada efectuarase nos prazos que sinala o Director de obra. A obra certificada valorarase de acordo aos prezos do Proxecto Técnico e as certificacións terán sempre carácter provisional, quedando suxeitas á medición e certificación que poida facerse na liquidación final, non supondo, por tanto, nin aprobación nin recepción das obras que comprendan.



O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a necesaria para executar as obras no prazo contractual, salvo que a xuízo da Dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente.

Poderanse verificar abonos a conta, previa petición escrita do contratista por providións de materiais, instalacións e equipos adscritos á obra, na forma e coas garantías que, para ese efecto, determinan o artigo 232 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e artigos 155 a 157 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

B) Obrigacións do contratista.

Ademais das obrigacións xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigacións específicas do contratista as seguintes:

- Obrigacións laborais e sociais. O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro).

- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro para os casos de subcontratación.

- Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar á súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha daqueles, tanto na devandita zona como nos seus lindes e inmediacións.

- O contratista deberá cumprir as previsións recollidas no Plan de Seguridade e Saúde no Traballo.

- Gastos exixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de adjudicación até o límite máximo de 500 euros da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen. No caso de que o esixa algunha das Administracións que financia a obra, o contratista instalará á súa costa carteis de identificación da obra, coas características que se establezan.

⁵ Téñase en conta que segundo o regulado na Disposición Transitoria Sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, os prazos de pagamento quedan regulados do seguinte xeito:



"O prazo de trinta días a que se refire o apartado 4 do artigo 216 desta Lei, aplicárase a partir do 1 de xaneiro de 2013. Dende a entrada en vigor desta Lei e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será dentro dos corenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato"

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Plan de Seguridade e Saúde no Traballo

Formalizado o contrato o adxudicatario elaborará un Plan de Seguridade e Saúde no Traballo da Obra, axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde [(ou no seu caso), Estudo Básico de Seguridade] do Proxecto, no que se analicen, estuden, desenvolvan e complementen as previsións contidas nestes.

No devandito Plan incluíranse, no seu caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o Contratista propoña coa correspondente xustificación técnica, que non poderán implicar diminución do nivel de protección previsto no Estudo.

O Plan será aprobado polo Concello, antes do inicio da obra, previo informe do Coordinador en materia de seguridade e saúde ou da Dirección facultativa da Obra, se non fose preceptivo designar Coordinador, e comunicarse á Autoridade Laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de trazado de planta e inicio da obra.

[Artigo 7.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción]


CLÁUSULA VIXÉSIMA. Revisión de Prezos

Considerando o prazo de duración do obxecto de este contrato, os precios no poderán ser obxecto de revisión en ningún caso e, por tanto, non se aplicará fórmula algunha de revisión.

CLÁUSULA VIXÉSIMA PRIMEIRA. Recepción e Prazo de Garantía

Á recepción das obras á súa terminación concorrerá o responsable do contrato, se se nomeou, ou un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de



contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

Se se atopan as obras en bo estado e de acordo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se atopen en estado de ser recibidas farase constar así na acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido devandito prazo o contratista non o efectuase, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.


Establécese un prazo de garantía de DOUS ANOS a contar desde a data de recepción das obras.

Dentro do prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o contratista quedará relevado de toda responsabilidade, salvo responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigacións pendentes que deberá efectuarse no prazo de sesenta días. No caso de que o informe non fose favorable e os defectos observados se debesen a deficiencias na execución da obra e non ao uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo procederá a ditar as oportunas instrucións ao contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para iso durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha por ampliación do prazo de garantía.

Se a obra se arruína con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de quince anos a contar desde a recepción.

CLÁUSULA VIXÉSIMA SEGUNDA. Execución do Contrato

A execución do contrato de obras comezará coa segunda acta de comprobación do trazado de planta e inicio das obras. A tales efectos, dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados, o servizo da



Administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do trazado de planta feito con ocasión da aprobación do Proxecto de obras, estendéndose esta segunda acta do resultado que será asinada por ambas as partes interesadas, remitíndose un exemplar da mesma ao órgano que celebrou o contrato.

As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica deste desen ao contratista o Director facultativo das obras, [e no seu caso, o responsable do contrato], nos ámbitos da súa respectiva competencia.

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

[O prazo de inicio da execución do contrato non poderá ser superior a quince días hábiles, contados desde formalización. Se se excedese este prazo, o contrato poderá ser resolto, salvo que o atraso se debese a causas alleas á Administración contratante e ao contratista e así se fixese constar na correspondente resolución motivada].

CLÁUSULA VIXÉSIMA TERCEIRA. Modificación do Contrato

[Téñase en conta que de conformidade co artigo 105 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, sen prexuízo dos supostos previstos na devandita normativa para os casos sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución, os contratos do sector público só poderán modificarse cando así se previse nos pregos de condicións ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

No resto de casos, se fose necesario que a prestación se executase de forma distinta á pactada, inicialmente deberá procederse á resolución do contrato en vigor e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes.

Así, a normativa de contratación permítenos modificar os contratos do sector público:

1. Sempre que nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente desta posibilidade e se detallase de forma clara, precisa e inequívoca





as condicións en que poderán facerse uso da mesma, así como o alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar, e o procedemento que haxa de seguirse para iso.

2. *Se non fose previsto nos pregos ou no anuncio de licitación, só poderán efectuarse modificacións cando se xustifique a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:*

o Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

o Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hidrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

o Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.

o Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se produciase con posterioridade á adxudicación do contrato.

o Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato].

En ningún caso o Técnico Director municipal ou o adxudicatario poderán introducir o executar modificacións no obxecto de este contrato sin a debida aprobación técnica así como aprobación polo órgano de contratación competente, previa a preceptiva fiscalización do gasto e existencia de crédito, según procedimiento y requisitos e informes establecidos na normativa arriba referida.

CLÁUSULA VIXÉSIMA CUARTA. Penalidades por Incumplimento

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción prevista no artigo 212.4 TRLCSP: de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á

resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

- Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

- Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imponse penalidades en proporción á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

As penalidades imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designou, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, fose constituída, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.


CLÁUSULA VIXÉSIMA QUINTA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato terá lugar nos casos que se sinalan neste Prego e nos fixados nos artigos 223 e 237 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, incautase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXÉSIMA SEXTA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexerase polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña o Texto Refundido da Lei de





Contratos do Sector Público e estea vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA:

Segundo o establecido nos artigos 82, 83, 91.4º e 113 do RD 2568/86 R.O.F. por unanimidade dos membros presentes, a Xunta de Goberno Local acorda tratar na sesión por motivo de urxencia o seguinte asunto no incluído na orde do día, que se declara urxente:

1.- Licencia de apertura: Jesús Jar Golas

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:**

Visto o expediente instruído a instancia de JESUS JAR GOLAS, solicitando Licencia de apertura de local para acondicionamento e apertura de local para dedicalo á venda de frutas e verduras (froitería), a situar na rúa Emilio Alonso Paz, nº 5 baixo (Silleda).

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 03 de maio de 2011 acorda:

“2.1.2.- Visto o expediente instruído a instancia de Dº JESUS JAR GOLAS, mediante escrito con Rexistro de Entrada nº 6177, de data 24 de decembro de 2009, que solicita a regulamentaria licenza municipal para acondicionamento e apertura de local para dedicalo á venda de frutas e verduras (froitería), a situar na rúa Emilio Alonso Paz, nº 5 baixo (Silleda), segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Dº José Luis Rodríguez González, non constando visado colexial.

RESULTANDO: *Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e da Corporación Municipal.*

Visto que, en data 22 de xaneiro de 2010, consta informe técnico emitido polo arquitectos asesor técnico do Concello de Silleda Dº Lino Manuel Doporto Framil, en relación a carencias documentais que presenta a documentación aportada coa solicitude, emprazando ó promotor a presentación dunha serie de documentación.

Visto que en data 27 de xaneiro de 2010, Rexistro de Entrada nº 372, consta presentado entre outros, unha copia de proxecto básico e de execución para acondicionamento de local existente, destinado a venta de frutas e verduras (froitería) así como oficio de dirección, asinados polo arquitecto Dº José Luis Rodríguez González e visados polo colexio oficial de arquitectos de Galicia en data 13 de xaneiro de 2010, en en resposta ó informe técnico referenciado anteriormente.

RESULTADO: Que polo Arquitecto Técnico Municipal, con data 14 de marzo de 2011 emítese informe técnico no que se sinala:

“1. Segundo o especificado no Decreto 133/2008 do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, dedúcese que se trata de unha actividade excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental, xa que a actividade para a que se solicita licenza encadra, a xuízo do técnico que suscribe, no apartado 3.1 do Anexo III do citado Decreto (Comercio polo miúdo de alimentos).


2. O emprazamento e disposicións propostas non contradín o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente, segundo se aprecia do seu emprazamento no plano incluído na documentación técnica.

3. O solo onde se pretende a actividade, segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, ten as seguintes condicións urbanísticas:

- Clasificación do solo: SOLO URBANO.*
- Calificación do solo: RESIDENCIAL.*
- Ordenanza de aplicación: Sección 1ª, ordenanza E.C.: EDIFICACIÓN CERRADA*

4. O uso que se pretende, é compatible con este tipo de solo, segundo o especificado no artigo 18 “Normas de uso” do P.X.O.M. de Silleda.

5. En relación ó cumprimento da normativa de accesibilidade vixente, o proxecto técnico presentado contén xustificación do cumprimento do R.D. 35/2000 do 28 de xaneiro (Regulamento de desenvolvemento da lei 8/1997 do 20 de agosto de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia).





6. Asemade consta, estudio básico de seguridade e saúde asinado polo Arquitecto Dº José Luis Rodríguez González e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 13-xaneiro-2010, coa referencia VD097522,2.

Polo que tendo en conta todo o especificado anteriormente, o técnico que suscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística autonómica e municipal de aplicación, polo que se informe favorablemente a solicitude, condicionado ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) O cumprimento das medidas correctoras propostas en planos e memoria.*
- b) Que a ubicación sexa a sinalada no proxecto."*

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento non está en contradición coas Ordenanzas e acordos municipais sobre o particular.

CONSIDERANDO: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescripcions legais.

Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala o Arquitecto Técnico Municipal, non podendo comenza a exercer a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 19 de febreiro de 2013, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro e o titular da actividade, Jesús Jar Golas, que literalmente di:

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS

Actividade: *"Apertura de local para dedicalo á venda de frutas e verduras (froitería) na rúa Emilio Alonso Paz, nº 5 - baixo, Silleda"*

Certificación *Según ESCRITO SOLICITANDO: "LICENCIA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE", de data 27-decembro-2012, e con ENTRADA:*

Concello de SILLEDA:

Data: 27-decembro-2012

Núm. de rexistro: 6809

Titular da actividade: Don JESÚS JAR GOLAS

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 13:00 horas do día 25 de Xaneiro do ano 2013, o Arquitecto Técnico Municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, atopándose na Rúa Emilio Alonso Paz, nº 5-baixo, Silleda, en presenza de Don Jesús Jar Golas, con D.N.I. 76.819.015-G, e efectúa a visita de comprobación demandada polo interesado en data 27-decembro-2012 e referida á licencia municipal según COMISIÓN DE GOBERNO do día 03-maio-2011.

Procédese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando ESCRITO SOLICITANDO: "LICENCIA DEFINITIVA DE ACTIVIDADE", e "CERTIFICACIÓN TÉCNICA DE SOLIDEZ Y SEGURIDAD" do local, suscrito polo Arquitecto Don José Luis Rodríguez González, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

A continuación examinase si se adoptaron tódalas medidas correctoras impostas na licencia e conséntanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.


De todo isto resulta que SI pode iniciarse a actividade de "Apertura de local para dedicalo á venda de frutas e verduras (froitería) na rúa Emilio Alonso Paz, nº 5-baixo, Silleda"

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación e o acordo da Xunta de Goberno Local do 03 de maio de 2011 acorda: a concesión de licencia de actividade definitiva a JESÚS JAR GOLAS, para Apertura de local para dedicalo para dedicalo á venda de frutas e verduras (froitería) na rúa Emilio Alonso Paz, nº 5 - baixo, Silleda.

2.- Licencia de apertura: Daniel Filloy González

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:

Licencia Nº 1537/09. Visto o expediente instruído a instancia de DANIEL FILLOY GONZÁLEZ, solicitando Licencia de apertura de local para dedicalo a venda de roupa, tatuaxes e piercings na rúa Progreso, nº 54, baixo (Silleda).





Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 09 de outubro de 2009
acorda:

"4.4.7.- Licencia Nº 1537/09 Visto o expediente instruído a instancia de Dº DANIEL FILLOY GONZÁLEZ, solicitando Licencia de actividade para venda de roupa, tatuaxes e piercings, a situar na rúa Do Progreso, nº 54 (Silleda), segundo proxecto da Arquitecta Dª Araceli Fernández Pena. Visado polo colexio oficial correspondente en data 03 de abril de 2009.

RESULTANDO: Que a actividade está incluída no punto 4.1 do Anexo III (actividades excluídas do procedemento de avaliación de incidencia ambiental) do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. Non parece posible encadrala no Anexo II "Criterios para determinar o sometemento ou non ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental das actividades sinaladas no artigo 2, punto 2". Polo tanto, considérase que a actividade está excluída do procedemento de avaliación ambiental.

RESULTANDO: Que o lugar de emprazamento e disposicións propostas non contradín o Plen Xeral de Ordenación Municipal vixente, según se aprecia do seu emprazamento no plano incluído no proxecto técnico.

CONSIDERANDO: Que o proxecto cumpre cós preceptos da Lei 8/1997 de Accesibilidade e Supresión de Barreiras, así como co Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta Xunta de Goberno Local, visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 26 de agosto de 2009, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, por unanimidade, acorda a concesión da licenza de obra solicitada, e a licenza provisional de actividade, condicionada a cumprir as medidas correctoras propostas en planos e memoria e a que a ubicación sexa a sinalada no proxecto, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal."

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 31 de xaneiro de 2013, asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro, que literalmente dí:

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS"

Actividade: "Apertura de local para dedícalo á venda de roupa, tatuaxes e piercings na rúa Progreso, nº 54, baixo (Silleda)"

Certificación Según ESCRITO SOLICITANDO: "LICENCIA DE ACTIVIDAD DEFINITIVA", de data 20-outubro-2009, e con ENTRADA: Concello de SILLEDA:

Data: 21-outubro-2009

Núm. de rexistro: 5040

Titular da actividade: Don DANIEL FILLOY GONZÁLEZ

No termo municipal de SILLEDA, persónanse ás 13:00 horas do día 24 de xaneiro do ano 2013, o Arquitecto Técnico Municipal D. José Antonio Presas Ferreiro, atopándose na Rúa Progreso, nº 54, baixo, Silleda, en presenza de Don Alejandro Filloy González, con D.N.I. 76.829.974-S, e efectúa a visita de comprobación demandada polo interesado en data 21-outubro-2009 e referida á licenza municipal nº 15372/09 según COMISIÓN DE GOBERNO do día 09-outubro-2009.

Procédese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando ESCRITO SOLICITANDO: "LICENCIA DE ACTIVIDADE DEFINITIVA".


A continuación examínase si se adoptaron tódalas medidas correctoras impostas na licenza e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

De todo isto resulta que **SI** pode iniciarse a actividade de "Apertura de local para dedícalo a venda de roupa, tatuaxes e piercings na rúa Progreso, nº 54, baixo (Silleda)"

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de comprobación e o acordo da Xunta de Goberno Local do 09 de outubro de 2009 acorda: a concesión de licenza de actividade definitiva a DANIEL FILLOY GONZÁLEZ, para Apertura de local para dedícalo a venda de roupa, tatuaxes e piercings na rúa Progreso, nº 54, baixo (Silleda).

3.- Remisión a Medio Ambiente: M^a José Mella Villamayor.

De acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de



xullo de 2011, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes **acorda:**


Visto o expediente instruído a instancia de D^a MARÍA JOSÉ MELLA VILLAMAYOR, mediante escrito de data 01 de marzo de 2011 (Rexistro de Entrada nº 856 de data 01.03.11), solicitude de licenza municipal de obra e actividade de nave para almacén de material eléctrico, no Parque Empresarial Área 33, marxe “A”, mazá 4, parcela nº 4 (Silleda), proxecto redactado polo Arquitecto Técnico José Pereiras Sánchez.

RESULTANDO: Que con data 12 de decembro de 2012, Juan Carlos Peteiro Rodríguez emite informe xurídico manifestado conformidade co informe do arquitecto asesor técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, de data 12 de decembro de 2012, segundo así consta no informe técnico

RESULTANDO: Que con data 12 de decembro de 2012, polo Arquitecto Asesor Técnico do Concello, Lino Manuel Doporto Framil, emítase informe técnico no que se sinala:

“

<i>Solicitante</i>	<i>María José Mella Villamayor</i>
<i>Data da rexistro</i>	<i>01/03/2011 Nº 856 Data escrito 01/03/2011</i>
<i>Obra</i>	<i>Nave para almacén de material eléctrico</i>
<i>Tipo de obra</i>	<i>Maior</i>
<i>Emprazamento</i>	<i>Parque empresarial Área 33. Marxe “A”, mazá 4, parcela nº 4</i>
<i>Referencia Catastral</i>	<i>36052A038007450001LW</i>
<i>Autor do Proxecto</i>	<i>José Pereiras Sánchez, Arquitecto técnico col. PR-210</i>
<i>Proxecto</i>	<i>Básico. Sen visar (Real Decreto 1000/2010, sobre visado colegial obligatorio)</i>
<i>Dirección de Obra</i>	<i>n/d</i>
<i>Oficio de Dirección</i>	<i>Sen visar (Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio)</i>
<i>Dirección de Execución</i>	<i>n/d</i>



Oficio Direc.

Execución

Exposición pública

BOP


DOGA

Prensa

Orzamento (P.E.M.) **80.387,48 €**

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- 2 LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- 3 Lei 15/2004, da Lei 15/2004, do 29 de decembro
- 4 Lei 6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- 5 Lei 6/2008, do 19 de xuño, de medidas urxentes en vivenda e solo.
- 6 Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da L.9/2002
- 7 Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.
- 8 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 9 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 10 Lei 8/1995, de 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia.
- 11 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 12 Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.
- 13 Decreto 28 1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia
- 14 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 15 Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
- 16 Planeamento do Concello de Silleda
 - 16.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 16.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 16.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 16.4 M.P. PXOU en Bandeira, reduccion do ancho Rua Num 5 (apartado 2). aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 16.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saude. aprobado definitivamente o





07/03/2002

16.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. aprobado definitivamente o 08/04/2002

16.8 .P. Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 22/10/1981

16.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. aprobado definitivamente o 07/03/2002

16.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 27/03/2007

16.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. aprobado definitivamente o 15/05/2012

17 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósoseme para a redacción de informe a solicitude asinada por María José Mella Villamayor, presentada con R.E. 856 de 01/03/2011. Aporta dúas copias de proxecto técnico asinado por José Pereiras Sánchez, Arquitecto Técnico col. PR-210.

2. O proxecto conta coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licencia municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte:

INFORME TÉCNICO:

3. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, coas sucesivas modificacións, como **Solo urbano**. Ordenanza I.A (Industria y Almacén).

4. O uso que se pretende, segundo se desprende na memoria (punto 1.3.3 Usos y actividad), é o seguinte:

“Se trata de una edificación compuesta de planta baja destinada a almacén y zona administrativa y altillo destinado a zona administrativa

La actividad que pretende desarrollarse en la presente nave es la de almacén de material eléctrico para suministro al por mayor. Dichos materiales se almacenarán en el interior de la propia nave. Los proveedores descargarán los productos y materiales en el interior de la planta al que pueden acceder mediante los dos portales situados en el frente. Posteriormente dichas mercancías se transportarán a las distintas obras. Por lo tanto, la única

actividad a desarrollar en la presente nave es la de ALMACÉN DE MATERIAL ELÉCTICO."

*5. Consonte ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **industrial**: "3. 5. 4.-USOS PFRM/TIDOS*

Se entende como usos permitidos los siguientes:

- El conjunto de operaciones que se ejecuten para la obtención y transformación de materias primas, su envasado, almacenaje, distribución y reparación.*
- La artesanía.*
- Las actividades industriales que por su envergadura y efectos producidos necesiten localizarse en aéreas cuyo uso principal sea el industrial.*
- El hostelero.*
- El deportivo.*
- El administrativo" (...). Este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente, segundo o art. 3.5.4 do plan parcial.*

6. Canto á tramitación ambiental, esta actividade queda excluída sinalado no Decreto 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, no Anexo III, actividades excluídas do procedemento de avaliación ambiental, punto 4.7 "Actividades de almacenamento de obxectos e materiais, sempre que a súa superficie sexa inferior a 500 m2 excepto as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos". Dada que a superficie da nave que se aprecia no plano nº 3 "mobiliario y mediciones, planta baja y altillo", na que se grafa unha superficie de nave de 879,46 m2. Por tanto, este técnico considera que a actividade solicitada está suxeita a avaliación de incidencia ambiental.

7. O proxecto presentado non contradi os parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.

*8. O proxecto presentado xustifica o establecido no **Reglamento de seguridad contra incendios en los establecimientos industriales** (R.D, 2267/ 2004 de 3 de Decembro), segundo se xustifica na memoria (punto 4.1) e na documentación gráfica do proxecto.*

9. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

10. Segundo o indicado no artigo 196 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, propónse dar traslado, previos os trámites pertinentes, dunha copia do expediente completo aos seguintes Organismos, a fin de que emitan informe previo á concesión de licencia



municipal:

10.1 Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a fin de que se proceda a emitir informe de Avaliación de Incidencia Ambiental.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradi a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra e provisional de actividade, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 10 deste informe técnico.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

- 1. Proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico obxecto deste informe.*
- 2. Estudo ou estudio básico de seguridade e saúde.*
- 3. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras."*

Visto que consta certificado do secretario acctal do Concello (Decreto 14.02.13), de 19 de febreiro de 2013 no que indica que consultado rexistro indica que non constan aslegacións presentadas.

A Xunta de Goberno Local, acorda:

Remiti-lo expediente completo ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no procedemento de Avaliación de Incidencia Ambiental.


4.- Eleccións aos Consellos Parroquiais do Concello de Silleda.

Polo Concelleiro de Cultura, Matías Rodríguez da Torre, dase conta das seguintes actas de escrutinio e resultados das Eleccións dos Consellos Parroquiais, levadas a cabo ata o día de hoxe, co seguinte resultado:

Parroquia de CIRA:

Data de constitución da Mesa: 14.02.2013

Nº Electores	Nº Votantes	Votos Nulos	Votos Branco
-----------------	----------------	----------------	-----------------



228	34	0	0
Candidatos			Votos obtidos
José Luis Lugo Bascuas			23
Juan Caamaño Calvo			3
Luis Mosteiro Calveiro			3
Manuel Asorey Suárez			1
Félix Diéguez Rey			1
María Orosa García			1
Susana Rodríguez González			1
Manuel Lugo Gómez			1

Parroquia de PAZOS:


Data de constitución da Mesa: 18.02.2013

Nº Electores	Nº Votantes	Votos Nulos	Votos Branco
44	12	0	0
Candidatos			Votos obtidos
Ana Rosa Cornado Molina			8
Antonio Fuentes Gómez			3
José Antonio Ferro Recimil			1

Parroquia de RELLAS

Data de constitución da Mesa: 20.02.2013

Nº Electores	Nº Votantes	Votos Nulos	Votos Branco
64	6	0	0
Candidatos			Votos obtidos
Luisa Mato Fraiz			3





José Iglesias Andrade

3

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as catorce horas e trinta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario acctal (Decreto 14.02.13), dou fe e certifico.

Silleda, a 21 de febreiro de 2013.

Vº e Prace
A ALCALDESA,

Asdo. Paula Fernández Pena

Dou fe. O secretario acctal.
(Decreto 14.02.13)

Asdo. David García Lareo

